A conexión ás redes existentes expone no volume DINA3 de ordenación detallada "Redes de Infraestrutura de servizos", mais deberá ser estudada en detalle mediante o instrumento de desenvolvemento.

1. Saneamento de augas fecais: A conexión á rede producirase no colector existente na Rúa da Constitución e na Rúa de María Cagiao.
2. Pluviais: Dirixiranse as augas pluviais ao colector existente na Rúa de María Cagiao.
3. Abastecemento de auga: A conexión á rede existente producirase dende a Rúa da Constitución e a Rúa de Cillobre, debendo resultar ambas comunicadas a favor do mallado da rede.
4. Abastecemento de gas: Non existe rede de distribución de gas no entorno.
5. Abastecemento eléctrico: A conexión á rede existente efectuarase dende a liña de 15Kv que atravesará o ámbito, que deberá ser adaptada á urbanización mediante conducións soterradas..
6. Telecomunicacións: A conexión á rede existente producirase dende a Rúa da Constitución.

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO REMITIDO (APR) E XESTIÓN

SOLO DE NÚCLEO RURAL

CLASE DE SOLO: NÚCLEO RURAL COMÚN	FIGURA DE PLANEAMENTO: PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DE NÚCLEO RURAL	DENOMINACIÓN: Ledoño	LOCALIZACIÓN DO PLANO: ORDENACIÓN: OD-01-C8	XESTIÓN: OD-02-C8	CÓDIGO DA ÁREA: PLANEAMENTO: APR-NR.5	XESTIÓN: AI-NR.5	1de1
--------------------------------------	---	-------------------------	---	----------------------	---	---------------------	------



USO GLOBAL: Residencial. Outros usos permitidos, segundo a táboa de compatibilidade do Anexo á Normativa.

SUPERFICIES:

PLANEAMENTO

Superficie bruta do ámbito:	33.842 m ²
Superficie de sistema existente e mantido:	1.481 m ²
Superficie neta do ámbito:	32.361 m ²

APROVEITAMENTOS:

Coefficiente de edificabilidade:	0,16 m ² /m ²
Aproveitamento urbanístico:	5.178 m ² c

CESIÓNS:

SISTEMA	XERAL	LOCAL
Espazos libres	---	3.900 m ²
Equipamentos	---	9.400 m ²
Infraestruturas de servizo	---	---
Viario	---	---
Prazas de aparcadoiro en dominio público	---	30
Prazas de aparcadoiro en dominio privado	---	78
Aproveitamento lucrativo para a vivenda pública protexida	---	10% do aprov. lucrativo residencial

SISTEMA DE ACTUACIÓN PREFERENTE: Compensación

OBXECTIVOS DA ORDENACIÓN:

Entre a trama rural de Ledoño e a estrada autonómica resta un baleiro que se pretende ordenar por medio dun plan especial que permita a creación dunha nova fronte, aportando cesións que melloren a calidade do espazo público.

DETERMINACIÓNS:

- O Plan Especial deberá atender ás observacións contidas nas fichas de acción dos equipamentos que lle foron asignados.
- A edificación ordenarase mediante tipoloxía de vivenda unifamiliar illada, cunha altura máxima de dúas alturas (B+1). Ocasionalmente, aceptarase a tipoloxía de vivenda acaroada, sempre e cando o Plan Especial regule as posibles discordancias volumétricas con respecto á tipoloxía existente. A parcela mínima será de 1.000 m².
- O Plan Especial xustificará, co nivel de detalle que corresponda, o cumprimento das normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- O ámbito en cuestión atópase baixo a influencia das servidumes do aeroporto da Coruña, porén o planeamento de desenrolo deberá contar con autorización de Aviación Civil, previa á súa aprobación.
As servidumes e as limitacións ao uso xeradas por dito aeroporto inclúense na colección de planos de ordenación e no anexo á normativa do PXOM respectivamente, aínda que ante calquera discordancia prevalecerán as sinaladas na documentación oficial do Ministerio de Fomento e nos decretos e leis que conteñen ditas limitacións.

CONEXIÓN ÁS REDES DE INFRAESTRUTURA DE SERVIZOS:


A conexión ás redes existentes expónse no volume DINA3 de ordenación detallada "Redes de Infraestrutura de servizos", mais deberá ser estudada en detalle mediante o instrumento de desenrolo.

- Saneamento de augas fecais: A conexión á rede producirase no colector existente no ámbito.
- Pluviais: Dirixiranse as augas pluviais ao marxe leste, onde desaugará mediante zanja filtrante.
- Abastecemento de auga: A conexión á rede existente producirase dende a liña existente no marxe suroeste e norte. debendo resultar ambas comunicadas a favor do mallado da rede.
- Abastecemento de gas: Non existe rede de distribución de gas no entorno.
- Abastecemento eléctrico: A conexión á rede existente efectuarase dende a liña de 15Kv que atravesa o ámbito, que deberá ser adaptada á urbanización mediante condución soterrada.
- Telecomunicacións: A conexión á rede producirase dende a liña existente, que deberá ser adaptada á urbanización mediante condución soterrada.

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO REMITIDO (APR) E XESTIÓN

SOLO DE NÚCLEO RURAL

CLASE DE SOLO: NÚCLEO RURAL COMÚN	FIGURA DE PLANEAMENTO: PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DE NÚCLEO RURAL	DENOMINACIÓN: Peiro-Cabana-Lamelas	LOCALIZACIÓN DO PLANO: ORDENACIÓN: OD-01-B9/C9	XESTIÓN: OD-02-B9/C9	CÓDIGO DA ÁREA: PLANEAMENTO: APR-NR.6	XESTIÓN: AI-NR.6	1de1
--------------------------------------	---	---------------------------------------	--	-------------------------	---	---------------------	------



USO GLOBAL: Residencial. Outros usos permitidos, segundo a táboa de compatibilidade do Anexo á Normativa.

SUPERFICIES:

PLANEAMENTO

Superficie bruta do ámbito:	44.059 m ²
Superficie de sistema existente e mantido:	2.354 m ²
Superficie neta do ámbito:	41.705 m ²

APROVEITAMENTOS:

Coefficiente de edificabilidade:	0,16 m ² /m ²
Aproveitamento urbanístico:	6.673 m ² c

CESIÓNS:

SISTEMA	XERAL	LOCAL
Espazos libres	---	4.450 m ²
Equipamentos	---	2.600 m ²
Infraestruturas de servizo	---	---
Viario	---	---
Prazas de aparcadoiro en dominio público	---	33
Prazas de aparcadoiro en dominio privado	---	100
Aproveitamento lucrativo para a vivenda pública protexida	---	10% do aprov. lucrativo residencial

SISTEMA DE ACTUACIÓN PREFERENTE: Compensación

OBXECTIVOS DA ORDENACIÓN:

Os núcleos rurais de Cabana e Lamelas deixan entre si un baleiro no que se atopan naves gandeiras. Márcase como obxectivo do Plan Especial a substitución destas naves por usos compatibles co de residencia, mellorar a continuidade da rede viaria, e obter cesión que completen ós equipamentos existentes.

DETERMINACIÓNS:

- O Plan Especial deberá atender ás observacións contidas nas fichas de acción de equipamento e de espazo libre de sistema local asignadas ao sector.
- A edificación ordenarase mediante tipoloxía de vivenda unifamiliar illada, cunha altura máxima de dúas alturas (B+1). Ocasionalmente, aceptarase a tipoloxía de vivenda acaroada, sempre e cando o Plan Especial regule as posibles discordancias volumétricas con respecto á tipoloxía existente. A parcela mínima será de 1000 m².
- O Plan Especial xustificará, co nivel de detalle que corresponda, o cumprimento das normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- O ámbito en cuestión atópase baixo a influencia das servidumes do aeroporto da Coruña, porén o planeamento de desenrolo deberá contar con autorización de Aviación Civil, previa á súa aprobación.
As servidumes e as limitacións ao uso xeradas por dito aeroporto inclúense na colección de planos de ordenación e no anexo á normativa do PXOM respectivamente, aínda que ante calquera discordancia prevalecerán as sinaladas na documentación oficial do Ministerio de Fomento e nos decretos e leis que conteñen ditas limitacións.

CONEXIÓN ÁS REDES DE INFRAESTRUTURA DE SERVIZOS:

A conexión ás redes existentes expónse no volume DINA3 de ordenación detallada "Redes de Infraestrutura de servizos", mais deberá ser estudada en detalle mediante o instrumento de desenrolo.


- Saneamento de augas fecais: A conexión á rede producirase no colector existente no ámbito.
- Pluviais: Dirixiranse as augas pluviais ao marxe leste, onde desaugará mediante zanja filtrante.
- Abastecemento de auga: A conexión á rede existente producirase dende a liña existente no marxe suroeste e norte. debendo resultar ambas comunicadas a favor do mallado da rede.
- Abastecemento de gas: Non existe rede de distribución de gas no entorno.
- Abastecemento eléctrico: A conexión á rede existente efectuarase dende a liña de 15Kv que atravesa o ámbito, que deberá ser adaptada á urbanización mediante condución soterrada.
- Telecomunicacións: A conexión á rede producirase dende a liña existente, que deberá ser adaptada á urbanización mediante condución soterrada.

ÁREAS DE PLANEAMENTO REMITIDO (APR) E XESTIÓN

SOLO URBANIZABLE DELIMITADO

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO REMITIDO (APR) E XESTIÓN

CLASE DE SOLO:	FIGURA DE PLANEAMENTO:	DENOMINACIÓN:	LOCALIZACIÓN DO PLANO:	CÓDIGO DA ÁREA:	
URBANIZABLE DELIMITADO	PLAN PARCIAL	O Muíño	ORDENACIÓN: EX-02 OD-01-D2/D3/E3	XESTIÓN: OD-02-D2/D3/E3	PLANEAMENTO: APR-PP-Sector R1 XESTIÓN: AR-Sector R1
					1de2



USO GLOBAL: Residencial. Outros usos permitidos, segundo a táboa de compatibilidade do Anexo á Normativa.

SUPERFICIES:

PLANEAMENTO

Superficie bruta do ámbito:	21.935 m ²	Coefficiente de edificabilidade:	0,32490962 m ² /m ²
Superficie de sistema existente e mantido:	4.508 m ²	Aproveitamento lucrativo total:	5.662,20 m ² c
Superficie neta do ámbito:	17.427 m ²		

XESTIÓN

Superficie de solo rústico adscrito:	10.884 m ²	Aproveitamento tipo:	0,20 m ² /m ² utc
Superficie da área de reparto:	28.311 m ²		

CESIÓNS:

SISTEMA	XERAL	LOCAL
Espazos libres	SXEL-01-55 (Pb)	
Equipamentos	---	As regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan Parcial
Infraestruturas de servizo	SXIS-07	
Viario	SXV-03/SXV-14	
Prazas de aparcadoiro en dominio público		As regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan Parcial
Prazas de aparcadoiro en dominio privado		As regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan Parcial
Aproveitamento lucrativo para a vivenda pública protexida		10% do aprov. lucrativo residencial
Reserva mínima dotacional autonómica para a construción de vivendas de promoción e titularidade pública		142 m ²

SISTEMA DE ACTUACIÓN PREFERENTE: Compensación

OBXECTIVOS DA ORDENACIÓN:

O distrito de solo urbano 3 relaciónase no seu marxe sur co solo rústico dun xeito irregular, proxectando sobre el un espazo secundario, traseiro, e mesmo residual. Desordenado en canto á definición dos seus límites, e con discontinuidades e carencias de infraestruturas básicas; este espazo propónse como oportunidade de desenvolvemento, definición dun borde de cidade nítido e limpo, que aproveite o contacto cos solos rústicos para enriquecer a trama de espazo público mediante cesións de espazo libre e de equipamento.

Nesta estratexia participan os sectores de solo urbano residencial R1, R2, R3, R4 e R5.

En particular, para o sector R1 márcanse como obxectivos a mellora das dotacións existentes, unha mellor relación co rego fluvial que o atravesará, e a continuidade do sistema xeral viario, en paralelo á autoestrada AP9.

DETERMINACIÓNS:

1. Plan de desenvolvemento deberá atender ás observacións contidas nas ficha de acción dos sistema xerais de espazo libre, e viario asignadas ao sector.
2. As cesións de sistema local de espazo libre e de equipamento deberán localizarse entorno á dotación deportiva existente, de xeito que resulten complementadas funcional e especialmente.
3. A urbanización proposta terá en conta as posibilidades de itinerarios peonís derivados do SXEL.
4. As plantacións vexetais nas zonas verdes que recollan as augas de escorrenta realizaranse con especies arbóreas como freixo, salgueiro, chopo, carballo, bidueiro, Gleditsia var, Robinia var, e especies tapizantes e arbustivas ornamentais próximas ás especies autóctonas no seu filum, de xeito que conserven as características ambientais da zona.
5. O Plan Parcial deberá conter as conclusións dunha prospección arqueolóxica intensiva.
6. O aproveitamento residencial materializarase en tipoloxía de vivenda agrupada ou rueiro compacto, non debendo superar as dúas plantas de altura (B+1).
7. O sector participará da mellora de abastecemento de auga potable, tal e como se describe na correspondente ficha de acción "Novo depósito de abastecemento Municipal na Zapateira".
8. O Planeamento de desenvolvemento xustificará, co nivel de detalle que sexa preciso, o cumprimento das normas de habitabilidade de vivendas de Galicia. (Continúa)

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO REMITIDO (APR) E XESTIÓN

CLASE DE SOLO:	FIGURA DE PLANEAMENTO:	DENOMINACIÓN:	LOCALIZACIÓN DO PLANO:		CÓDIGO DA ÁREA:		
URBANIZABLE DELIMITADO	PLAN PARCIAL	O Muíño	ORDENACIÓN: EX-02 OD-01-D2/D3/E3	XESTIÓN: OD-02-D2/D3/E3	PLANEAMENTO: APR-PP-Sector R1	XESTIÓN: AR-Sector R1	2de2

9.O ámbito en cuestión atópase baixo a influencia das servidumes do aeroporto da Coruña, porén o planeamento de desenrolo deberá contar con autorización de Aviación Civil, previa á súa aprobación.

As servidumes e as limitacións ao uso xeradas por dito aeroporto inclúense na colección de planos de ordenación e no anexo á normativa do PXOM respectivamente, aínda que ante calquera discordancia prevalecerán as sinaladas na documentación oficial do Ministerio de Fomento e nos decretos e leis que conteñen ditas limitacións.


CONEXIÓN ÁS REDES DE INFRAESTRUTURA DE SERVIZOS:

A conexión ás redes existentes expónse no volume DINA3 de ordenación detallada "Redes de Infraestrutura de servizos", mais deberá ser estudada en detalle mediante o instrumento de desenrolo.

- 1.Saneamento de augas fecais: O sector deberá conectarse á rede existente da Rúa de Santa Bárbara e da Rúa do Regueiro.
- 2.Desague de pluviais: As augas pluviais poderán dirixirse ao marxe fluvial existente, previo paso por un filtro separador de graxas. Ademais existe a posibilidade de conectar coa rede de recollida de pluviais existente na Rúa do Regueiro.
- 3.Abastecemento de auga: A conexión á rede existente producirase dende Rúa de Santa Bárbara, e dende a do Regueiro, debendo resultar ambas conectadas dende o interior do ámbito, a fin de acadalo mallado da rede.
- 4.Abastecemento de gas: Na actualidade non hai posibilidade de conexión á rede, mais deberá preverse en contacto co sistema xeral viario.
- 5.Abastecemento eléctrico: No ámbito do sector inclúese unha liña aérea de tensión 15Kv, paralela ao curso fluvial. Dita liña servirá como conexión do sector, debendo resultar integrada na urbanización como conducción soterrada.
- 6.Telecomunicacións: A conexión á rede levarase a cabo dende Rúa do Regueiro.

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO REMITIDO (APR) E XESTIÓN

CLASE DE SOLO:	FIGURA DE PLANEAMENTO:	DENOMINACIÓN:	LOCALIZACIÓN DO PLANO:	CÓDIGO DA ÁREA:	
URBANIZABLE DELIMITADO	PLAN PARCIAL	Castro	ORDENACIÓN: EX-02 OD-01-D2/D3/E3	XESTIÓN: OD-02-D2/D3/E3	PLANEAMENTO: APR-PP-Sector R2 XESTIÓN: AR-Sector R2 1de2



USO GLOBAL: Residencial. Outros usos permitidos, segundo a táboa de compatibilidade do Anexo á Normativa.

SUPERFICIES:

PLANEAMENTO

Superficie bruta do ámbito:	42.550 m ²
Superficie de sistema existente e mantido:	1.128 m ²
Superficie neta do ámbito:	41.422 m ²

APROVEITAMENTOS:

Coefficiente de edificabilidade:	0,50406547 m ² /m ²
Aproveitamento lucrativo total:	20.879,40 m ² c

XESTIÓN

Superficie de solo rústico adscrito:	28.176 m ²	Aproveitamento tipo:	0,30 m ² /m ² utc
Superficie da área de reparto:	69.598 m ²		

CESIÓNS:

SISTEMA	XERAL	LOCAL
Espazos libres	SXEL-01-56 (Pb)	
Equipamentos	---	As regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan Parcial
Infraestruturas de servizo	SXIS-07	
Viario	SXV-15	
Prazas de aparcadoiro en dominio público		As regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan Parcial
Prazas de aparcadoiro en dominio privado		As regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan Parcial
Aproveitamento lucrativo para a vivenda pública protexida		10% do aprov. lucrativo residencial
Reserva mínima dotacional autonómica para a construción de vivendas de promoción e titularidade pública		522 m ²

SISTEMA DE ACTUACIÓN PREFERENTE: Compensación

OBXECTIVOS DA ORDENACIÓN:

O distrito de solo urbano 3 relaciónase no seu marxe sur co solo rústico dun xeito irregular, proxectando sobre el un espazo secundario, traseiro, e mesmo residual. Desordenado en canto á definición dos seus límites, e con discontinuidades e carencias de infraestruturas básicas; este espazo propónse como oportunidade de desenvolvemento, definición dun borde de cidade nítido e limpo, que aproveite o contacto cos solos rústicos para enriquecer a trama de espazo público mediante cesións de espazo libre e de equipamento. Nesta estratexia participan os sectores de solo urbano residencial R1, R2, R3, R4 e R5. En particular, para o sector R2 márcanse como obxectivos a rehabilitación do marxe fluvial como espazo público, e a construción dun novo eixo viario que virá a descargar a presión de tráfico existente na Rúa do Regueiro.

DETERMINACIÓNS:

- O Plan de desenvolvemento deberá atender ás observacións contidas nas fichas de acción do sistema xeral de espazo libre e de sistema viario asignadas ao sector.
- A cesión de sistemas locais deberán empregarse como ferramentas de relación cos tecidos existentes, e como participes da nova secuencia urbana.
- A urbanización que se deseñe deberá manter a permeabilidade visual e de circulación peonil con respecto ao sistema xeral de espazo libre.
- A rede viaria de tráfico motorizado, interna ao ámbito, será a mínima indispensable.
- O Plan Parcial deberá conter as conclusións dunha prospección arqueolóxica intensiva.
- O aproveitamento residencial materializarase en tipoloxía de vivenda agrupada ou rueiro compacto, non debendo superar as dúas plantas de altura (B+1).
- As edificacións residenciais existentes que foron recollidas no sector deberán ser integradas na urbanización, a fin de que se manteñan.
- O sector participará da mellora de abastecemento de auga potable, tal e como se describe na correspondente ficha de acción "Novo depósito de abastecemento Municipal na Zapateira".
- O Planeamento de desenrolo xustificará, co nivel de detalle que sexa preciso, o cumprimento das normas de habitabilidade de vivendas de Galicia. (Continúa)

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO REMITIDO (APR) E XESTIÓN

CLASE DE SOLO:	FIGURA DE PLANEAMENTO:	DENOMINACIÓN:	LOCALIZACIÓN DO PLANO:		CÓDIGO DA ÁREA:		
URBANIZABLE DELIMITADO	PLAN PARCIAL	Castro	ORDENACIÓN: EX-02 OD-01-D2/D3/E3	XESTIÓN: OD-02-D2/D3/E3	PLANEAMENTO: APR-PP-Sector R2	XESTIÓN: AR-Sector R2	2de2

10. O ámbito en cuestión atópase baixo a influencia das servidumes do aeroporto da Coruña, porén o planeamento de desenrolo deberá contar con autorización de Aviación Civil, previa á súa aprobación.

As servidumes e as limitacións ao uso xeradas por dito aeroporto inclúense na colección de planos de ordenación e no anexo á normativa do PXOM respectivamente, aínda que ante calquera discordancia prevalecerán as sinaladas na documentación oficial do Ministerio de Fomento e nos decretos e leis que conteñen ditas limitacións.


CONEXIÓN ÁS REDES DE INFRAESTRUTURA DE SERVIZOS:

A conexión ás redes existentes expónse no volume DINA3 de ordenación detallada "Redes de Infraestrutura de servizos", mais deberá ser estudada en detalle mediante o instrumento de desenrolo.

1. Saneamento de augas fecais: A rede colectora trazarase ao longo do viario de sistema xeral proposto, ate conectar coa rede existente que percorre o marxe do Rego do Castro.
2. Desaugue de pluviais: O trazado do colector xeral coincidirá co sistema xeral proposto, desaugando no Rego de Castro previo paso por un filtro separador de graxas.
3. Abastecemento de auga: A conexión efectuarase no marxe noroeste na Rúa do Regueiro, e ao leste, na de Mártires de Carral, debendo ambas resultar conectadas entre si por medio da traza do sistema xeral viario proposto.
4. Abastecemento de gas: O sector deberá conectarse á rede existente da Rúa do Regueiro.
5. Abastecemento eléctrico: A conexión poderá efectuarse no transformador existente no marxe oeste, debendo ser esta liña incorporada á urbanización mediante condución soterrada en todo o seu percorrido.
6. Telecomunicacións: A liña principal percorrerá o sistema xeral viario proposto, tras enlazar coa rede existente na Rúa do Regueiro.

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO REMITIDO (APR) E XESTIÓN

CLASE DE SOLO:	FIGURA DE PLANEAMENTO:	DENOMINACIÓN:	LOCALIZACIÓN DO PLANO:	CÓDIGO DA ÁREA:
URBANIZABLE DELIMITADO	PLAN PARCIAL	Cova	ORDENACIÓN: EX-02/04 OD-01-D3/E3 XESTIÓN: OD-02-D3/E3	PLANEAMENTO: APR-PP-Sector R3 XESTIÓN: AR-Sector R3 1de2



USO GLOBAL: Residencial. Outros usos permitidos, segundo a táboa de compatibilidade do Anexo á Normativa.

SUPERFICIES:

PLANEAMENTO

Superficie bruta do ámbito:	19.718 m ²	Coefficiente de edificabilidade:	0,86661880 m ² /m ²
Superficie de sistema existente e mantido:	1.263 m ²	Aproveitamento lucrativo total:	15.993,45 m ² c
Superficie neta do ámbito:	18.455 m ²		

APROVEITAMENTOS:

XESTIÓN

Superficie de solo rústico adscrito:	17.086 m ²	Aproveitamento tipo:	0,45 m ² /m ² utc
Superficie da área de reparto:	35.541 m ²		

CESIÓNS:

SISTEMA	XERAL	LOCAL
Espazos libres	SXEL-01-57 (Pb)	
Equipamentos	---	As regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan Parcial
Infraestruturas de servizo	SXIS-07	
Viario	---	
Prazas de aparcadoiro en dominio público		As regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan Parcial
Prazas de aparcadoiro en dominio privado		As regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan Parcial
Aproveitamento lucrativo para a vivenda pública protexida		10% do aprov. lucrativo residencial
Reserva mínima dotacional autonómica para a construción de vivendas de promoción e titularidade pública		400 m ²

SISTEMA DE ACTUACIÓN PREFERENTE: Compensación

OBXECTIVOS DA ORDENACIÓN:

O distrito de solo urbano 3 relaciónase no seu marxe sur co solo rústico dun xeito irregular, proxectando sobre el un espazo secundario, traseiro, e mesmo residual. Desordenado en canto á definición dos seus límites, e con discontinuidades e carencias de infraestruturas básicas; este espazo propónse como oportunidade de desenvolvemento, definición dun borde de cidade nítido e limpo, que aproveite o contacto cos solos rústicos para enriquecer a trama de espazo público mediante cesións de espazo libre e de equipamento.

Nesta estratexia participan os sectores de solo urbano residencial R1, R2, R3, R4 e R5.

En particular, o Sector R3 inclúe como obxectivos a rehabilitación do marxe fluvial que resultará liberado das edificacións existentes, transformándose nun parque de sistema xeral; a ampliación da sección transversal da Rúa Río da Cova; a continuidade viaria dos tecidos existentes e a súa interconexión a través do ámbito.

DETERMINACIÓNS:

- O Plan de desenvolvemento deberá atender ás observacións contidas na ficha de acción do sistema xeral de espazo libre asignado ao sector.
- A cesión de sistemas locais deberán empregarse como ferramentas de relación cos tecidos existentes, e como partícipes da nova secuencia urbana.
- A urbanización que se deseñe deberá manter a permeabilidade visual e de circulación peonil con respecto ao sistema xeral de espazo libre.
- A rede viaria de tráfico motorizado, interna ao ámbito, será a mínima indispensable.
- O Plan Parcial deberá conter as conclusións dunha prospección arqueolóxica intensiva.
- O aproveitamento residencial materializarase en tipoloxía de vivenda colectiva en rueiro compacto, non debendo superar as catro plantas de altura (B+3).
- O sector participará da mellora de abastecemento de auga potable, tal e como se describe na correspondente ficha de acción "Novo depósito de abastecemento Municipal na Zapateira".
- O Planeamento de desenrolo xustificará, co nivel de detalle que sexa preciso, o cumprimento das normas de habitabilidade de vivendas de Galicia. (Continúa)

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO REMITIDO (APR) E XESTIÓN

CLASE DE SOLO:	FIGURA DE PLANEAMENTO:	DENOMINACIÓN:	LOCALIZACIÓN DO PLANO:		CÓDIGO DA ÁREA:		
URBANIZABLE DELIMITADO	PLAN PARCIAL	Cova	ORDENACIÓN: EX-02/04 OD-01-D3/E3	XESTIÓN: OD-02-D3/E3	PLANEAMENTO: APR-PP-Sector R3	XESTIÓN: AR-Sector R3	2de2

9.O ámbito en cuestión atópase baixo a influencia das servidumes do aeroporto da Coruña, porén o planeamento de desenrolo deberá contar con autorización de Aviación Civil, previa á súa aprobación.

As servidumes e as limitacións ao uso xeradas por dito aeroporto inclúense na colección de planos de ordenación e no anexo á normativa do PXOM respectivamente, aínda que ante calquera discordancia prevalecerán as sinaladas na documentación oficial do Ministerio de Fomento e nos decretos e leis que conteñen ditas limitacións.


CONEXIÓN ÁS REDES DE INFRAESTRUTURA DE SERVIZOS:

A conexión ás redes existentes expónse no volume DINA3 de ordenación detallada "Redes de Infraestrutura de servizos", mais deberá ser estudada en detalle mediante o instrumento de desenrolo.

- 1.Saneamento de augas fecais: A rede principal do ámbito de desenrolo conectará ao colector existente na Rúa Río Trabe e na Rúa Ramón Blanco Rey.
- 2.Desaugue de pluviais: A rede de pluviais fará un percorrido norte sur, aproveitando os marxes fluviais do Río Trabe e do Rego de Castro para desaugar, previo paso por un filtro separador de graxas.
- 3.Abastecemento de auga: A rede principal conectará coa liña existente na Rúa Río da Cova ao norte, e coa da Rúa Ramón Blanco Rey ao sur.
- 4.Abastecemento de gas: Efectuarase a conexión coa rede de gas existente no marxe sur, a través das Rúas Río Trabe e Ramón Blanco Rey.
- 5.Abastecemento eléctrico: A conexión partirá da Rúa Río Trabe e levarase a cabo mediante liña soterrada en todo o seu percorrido.
- 6.Telecomunicacións: A liña principal conectará coa existente na Rúa Ramón Blanco Rey. As instalacións aéreas que puideran existir no ámbito de desenrolo deberán adaptarse á urbanización que se deseñe, sempre mediante conducións soterradas.

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO REMITIDO (APR) E XESTIÓN

CLASE DE SOLO: URBANIZABLE DELIMITADO	FIGURA DE PLANEAMENTO: PLAN PARCIAL	DENOMINACIÓN: Trabe-Vilaboa	LOCALIZACIÓN DO PLANO: ORDENACIÓN: EX-02/04 OD-01-E3	XESTIÓN: OD-02-E3	CÓDIGO DA ÁREA: PLANEAMENTO: APR-PP-Sector R4	XESTIÓN: AR-Sector R4	1de2
--	--	--------------------------------	--	----------------------	---	--------------------------	------



USO GLOBAL: Residencial. Outros usos permitidos, segundo a táboa de compatibilidade do Anexo á Normativa.

SUPERFICIES:

PLANEAMENTO	APROVEITAMENTOS:	
Superficie bruta do ámbito:	20.859 m ²	Coefficiente de edificabilidade: 0,88421514 m ² /m ²
Superficie de sistema existente e mantido:	333 m ²	Aproveitamento lucrativo total: 18.149,40 m ² c
Superficie neta do ámbito:	20.526 m ²	

XESTIÓN

Superficie de solo rústico adscrito:	19.806 m ²	Aproveitamento tipo: 0,45 m ² /m ² utc
Superficie da área de reparto:	40.332 m ²	

CESIÓNS:

SISTEMA	XERAL	LOCAL
Espazos libres	SXEL-01-59 (Pb)	
Equipamentos	---	As regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan Parcial
Infraestruturas de servizo	SXIS-07	
Viaro	SXV-19	
Prazas de aparcadoiro en dominio público		As regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan Parcial
Prazas de aparcadoiro en dominio privado		As regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan Parcial
Aproveitamento lucrativo para a vivenda pública protexida		10% do aprov. lucrativo residencial
Reserva mínima dotacional autonómica para a construción de vivendas de promoción e titularidade pública		454 m ²

SISTEMA DE ACTUACIÓN PREFERENTE: Compensación

OBXECTIVOS DA ORDENACIÓN:

O distrito de solo urbano 3 relaciónase no seu marxe sur co solo rústico dun xeito irregular, proxectando sobre el un espazo secundario, traseiro, e mesmo residual. Desordenado en canto á definición dos seus límites, e con discontinuidades e carencias de infraestruturas básicas; este espazo propónse como oportunidade de desenvolvemento, definición dun borde de cidade nítido e limpo, que aproveite o contacto cos solos rústicos para enriquecer a trama de espazo público mediante cesións de espazo libre e de equipamento.

Nesta estratexia participan os sectores de solo urbano residencial R1, R2, R3, R4 e R5.

No caso do sector R4 márcanse como obxectivos a continuidade da Rúa Pablo Iglesias e o seu reforzo mediante un novo acceso dende a Avenida de Vilaboa. Este novo eixo viario virá a descargar o tráfico rodado da Rúa do Regueiro, tendo continuidade no sector residencial proposto a continuación, no seu marxe leste. Ademais desta mellora no sistema xeral viario inclúese a obtención dunha importante franxa de sistema xeral de espazo libre, en paralelo ao Río de Trabe, en continuidade coas actuacións propostas no resto dos sectores de urbanizable ao sur do distrito 3 de solo urbano.

DETERMINACIÓNS:

- O Plan de desenvolvemento deberá atender ás observacións contidas nas fichas de acción do sistema xeral de espazo libre e de sistema xeral viario asignados ao sector.
- A cesión de sistemas local de equipamento deberá localizarse en continuidade coa dotación existente en contacto co ámbito, a fin de completala.
- As cesións de sistema local de espazo libre empregaranse como ferramenta de permeabilidade visual e peonil entre os tecidos existentes, o espazo edificado e o sistema xeral de espazo libre.
- A rede viaria de tráfico motorizado, interna ao ámbito, será a mínima indispensable.
- O aproveitamento residencial materializarase en tipoloxía de vivenda colectiva en rueiro compacto, non debendo superar as seis plantas de altura (B+5).
- O Plan Parcial deberá conter as conclusións dunha prospección arqueolóxica intensiva.
- O sector participará da mellora de abastecemento de auga potable, tal e como se describe na correspondente ficha de acción "Novo depósito de abastecemento Municipal na Zapateira". (Continúa)

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO REMITIDO (APR) E XESTIÓN

CLASE DE SOLO:	FIGURA DE PLANEAMENTO:	DENOMINACIÓN:	LOCALIZACIÓN DO PLANO:		CÓDIGO DA ÁREA:		
URBANIZABLE DELIMITADO	PLAN PARCIAL	Trabe-Vilaboa	ORDENACIÓN: EX-02/04 OD-01-E3	XESTIÓN: OD-02-E3	PLANEAMENTO: APR-PP-Sector R4	XESTIÓN: AR-Sector R4	2de2

8.O Planeamento de desenrolo xustificará, co nivel de detalle que sexa preciso, o cumprimento das normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

9.O ámbito en cuestión atópase baixo a influencia das servidumes do aeroporto da Coruña, porén o planeamento de desenrolo deberá contar con autorización de Aviación Civil, previa á súa aprobación.

As servidumes e as limitacións ao uso xeradas por dito aeroporto inclúense na colección de planos de ordenación e no anexo á normativa do PXOM respectivamente, aínda que ante calquera discordancia prevalecerán as sinaladas na documentación oficial do Ministerio de Fomento e nos decretos e leis que conteñen ditas limitacións.


CONEXIÓN ÁS REDES DE INFRAESTRUTURA DE SERVIZOS:

A conexión ás redes existentes expónse no volume DINA3 de ordenación detallada "Redes de Infraestrutura de servizos", mais deberá ser estudada en detalle mediante o instrumento de desenrolo.

- 1.Saneamento de augas fecais: A rede principal conectará na Rúa Luis Seoane, logo de percorrer o viario de sistema xeral proposto.
- 2.Desague de pluviais: A liña de pluviais acompañará á traza de viario de sistema xeral proposto, empregando o espazo libre do marxe fluvial para desaugar no Río Trabe, previo paso por un filtro separador de graxas.
- 3.Abastecemento de auga: A rede principal conectará coa liña existente na Avenida de Vilaboa, na Rúa dos Dereitos Humanos e na de Pablo Iglesias. A fin de garantir o mallado da rede estas liñas deberán resultar conectadas entre si dende o interior do ámbito..
- 4.Abastecemento de gas: Efectuarase a conexión coa rede de gas existente na Avenida de Vilaboa.
- 5.Abastecemento eléctrico: A conexión poderá efectuarse dende a Avenida de Vilaboa e da Rúa Luís Soane.
- 6.Telecomunicacións: A liña principal conectará Avenida Vilaboa e a Rúa Luís Seoane.

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO REMITIDO (APR) E XESTIÓN

CLASE DE SOLO:	FIGURA DE PLANEAMENTO:	DENOMINACIÓN:	LOCALIZACIÓN DO PLANO:	CÓDIGO DA ÁREA:	
URBANIZABLE DELIMITADO	PLAN PARCIAL	Trabe-Pan Vieiro	ORDENACIÓN: EX-02/04 OD-01-D3/E3	XESTIÓN: OD-02-D3/E3	PLANEAMENTO: APR-PP-Sector R5 XESTIÓN: AR-Sector R5 1de2



USO GLOBAL: Residencial. Outros usos permitidos, segundo a táboa de compatibilidade do Anexo á Normativa.

SUPERFICIES:

PLANEAMENTO

Superficie bruta do ámbito:	10.714 m ²	Coefficiente de edificabilidade:	1,08690498 m ² /m ²
Superficie de sistema existente e mantido:	---	Aproveitamento lucrativo total:	11.645,10 m ² c
Superficie neta do ámbito:	10.714 m ²		

XESTIÓN

Superficie de solo rústico adscrito:	15.164 m ²	Aproveitamento tipo:	0,45 m ² /m ² utc
Superficie da área de reparto:	25.878 m ²		

CESIÓNS:

SISTEMA	XERAL	LOCAL
Espazos libres	SXEL-01-60 (Pb)	
Equipamentos	---	As regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan Parcial
Infraestruturas de servizo	SXIS-07	
Viario	SXV-18	
Prazas de aparcadoiro en dominio público		As regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan Parcial
Prazas de aparcadoiro en dominio privado		As regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan Parcial
Aproveitamento lucrativo para a vivenda pública protexida		10% do aprov. lucrativo residencial
Reserva mínima dotacional autonómica para a construción de vivendas de promoción e titularidade pública		292 m ²

SISTEMA DE ACTUACIÓN PREFERENTE: Compensación

OBXECTIVOS DA ORDENACIÓN:

O distrito de solo urbano 3 relaciónase no seu marxe sur co solo rústico dun xeito irregular, proxectando sobre el un espazo secundario, traseiro, e mesmo residual. Desordenado en canto á definición dos seus límites, e con discontinuidades e carencias de infraestruturas básicas; este espazo propónse como oportunidade de desenvolvemento, definición dun borde de cidade nítido e limpo, que aproveite o contacto cos solos rústicos para enriquecer a trama de espazo público mediante cesións de espazo libre e de equipamento.

Nesta estratexia participan os sectores de solo urbano residencial R1, R2, R3, R4 e R5.

En particular, o sector R5 deberá dar continuidade ao espazo libre de sistema xeral Corredor Fluvial do Río Trabe, e ao eixo de sistema xeral viario que dende a Avenida de Vilaboa atravesa o sector urbanizable R4, descargando o tráfico da Rúa do Rueiro.

DETERMINACIÓNS:

- O Plan de desenvolvemento deberá atender ás observacións contidas nas fichas de acción do sistema xeral de espazo libre e de sistema xeral viario asignados ao sector.
- As cesións de sistema local empregaranse como ferramenta de permeabilidade visual e peonil entre os tecidos existentes, o espazo edificado e o sistema xeral de espazo libre.
- A rede viaria de tráfico motorizado, interna ao ámbito, será a mínima indispensable.
- O aproveitamento residencial materializarase en tipoloxía de vivenda colectiva en rueiro compacto, non debendo superar as seis plantas de altura (B+5).
- O Plan Parcial deberá conter as conclusións dunha prospección arqueolóxica intensiva.
- O sector participará da mellora de abastecemento de auga potable, tal e como se describe na correspondente ficha de acción "Novo depósito de abastecemento Municipal na Zapateira".
- O Planeamento de desenrolo xustificará, co nivel de detalle que sexa preciso, o cumprimento das normas de habitabilidade de vivendas de Galicia. (Continúa)

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO REMITIDO (APR) E XESTIÓN

CLASE DE SOLO:	FIGURA DE PLANEAMENTO:	DENOMINACIÓN:	LOCALIZACIÓN DO PLANO:		CÓDIGO DA ÁREA:		
URBANIZABLE DELIMITADO	PLAN PARCIAL	Trabe-Pan Vieiro	ORDENACIÓN: EX-02/04 OD-01-D3/E3	XESTIÓN: OD-02-D3/E3	PLANEAMENTO: APR-PP-Sector R5	XESTIÓN: AR-Sector R5	2de2

8.O ámbito en cuestión atópase baixo a influencia das servidumes do aeroporto da Coruña, porén o planeamento de desenrolo deberá contar con autorización de Aviación Civil, previa á súa aprobación.

As servidumes e as limitacións ao uso xeradas por dito aeroporto inclúense na colección de planos de ordenación e no anexo á normativa do PXOM respectivamente, aínda que ante calquera discordancia prevalecerán as sinaladas na documentación oficial do Ministerio de Fomento e nos decretos e leis que conteñen ditas limitacións.


CONEXIÓN ÁS REDES DE INFRAESTRUTURA DE SERVIZOS:

A conexión ás redes existentes expónse no volume DINA3 de ordenación detallada "Redes de Infraestrutura de servizos", mais deberá ser estudada en detalle mediante o instrumento de desenrolo.

- 1.Saneamento de augas fecais: A rede principal conectará co colector existente que discorre en paralelo ao Río Trabe..
- 2.Desague de pluviais: Aproveitarase o espazo libre de sistema xeral proposto no sector para o desague de pluviais previo paso por un filtro separador de graxas.
- 3.Abastecemento de auga: A rede principal conectará coa existente na Avenida de Ribados, percorrendo a Avenida de Rutis ate o remate oeste do ámbito, en mellora da tubaxe existente de diámetro 63.
- 4.Abastecemento de gas: Efectuarase a conexión coa rede de gas existente na Avenida de Rutis.
- 5.Abastecemento eléctrico: A conexión poderá efectuarse dende a Avenida de Rutis por medio de tubaxe soterrada..
- 6.Telecomunicacións: A liña principal conectará coa existente na Avenida de Rutis.

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO REMITIDO (APR) E XESTIÓN

CLASE DE SOLO:	FIGURA DE PLANEAMENTO:	DENOMINACIÓN:	LOCALIZACIÓN DO PLANO:	CÓDIGO DA ÁREA:	
URBANIZABLE DELIMITADO	PLAN PARCIAL	Zapateira Norte	ORDENACIÓN: EX-01 OD-01-C2	XESTIÓN: OD-02-C2	PLANEAMENTO: APR-PP-Sector R7 XESTIÓN: AR-Sector R7 1de2



USO GLOBAL: Residencial. Outros usos permitidos, segundo a táboa de compatibilidade do Anexo á Normativa.

SUPERFICIES:

PLANEAMENTO

Superficie bruta do ámbito:	50.969 m ²	Coefficiente de edificabilidade:	0,29221076 m ² /m ²
Superficie de sistema existente e mantido:	1.131 m ²	Aproveitamento lucrativo total:	14.563,20 m ² c
Superficie neta do ámbito:	49.838 m ²		

APROVEITAMENTOS:

XESTIÓN

Superficie de solo rústico adscrito:	22.978 m ²	Aproveitamento tipo:	0,20 m ² /m ² utc
Superficie da área de reparto:	72.816 m ²		

CESIÓNS:

SISTEMA	XERAL	LOCAL
Espazos libres	SXEL-01-61(Pb)	
Equipamentos	---	As regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan Parcial
Infraestruturas de servizo	SXIS-07	
Viario	---	
Prazas de aparcadoiro en dominio público		As regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan Parcial
Prazas de aparcadoiro en dominio privado		As regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan Parcial
Aproveitamento lucrativo para a vivenda pública protexida		10% do aprov. lucrativo residencial
Reserva mínima dotacional autonómica para a construción de vivendas de promoción e titularidade pública		381 m ²

SISTEMA DE ACTUACIÓN PREFERENTE: Compensación

OBXECTIVOS DA ORDENACIÓN:

O ámbito en cuestión delimitase co obxectivo de aportar unidade e cohesións ás urbanizacións Mansosol, As Anchozas e Augas Mansas. Así pois resulta un sector urbanizable descontinuo que no seu deseño conectará as trazas viarias interiores a cada un destes desenvollos, rompendo a súa estanquidade, e aportando un espazo libre de sistema xeral que suplirá as carencias existentes a este respecto no distrito 6 de solo urbano.

DETERMINACIÓNS:

- O Plan de desenvolvemento deberá atender ás observacións contidas na ficha de acción do sistema xeral de espazo libre asignado ao sector.
- As cesións de sistema local empregaranse como ferramenta de permeabilidade visual e peonil entre os tecidos existentes, e o espazo a edificar.
- A rede viaria de tráfico motorizado, interna ao ámbito, será a mínima indispensable.
- O aproveitamento residencial materializarase en tipoloxía de vivenda unifamiliar agrupada, non debendo superar as dúas plantas de altura (B+1).
- A ordenación deberá respectar as edificacións existentes, incluíndoas no contexto da urbanización.
- O Plan Parcial deberá conter as conclusións dunha prospección arqueolóxica intensiva.
- O sector participará da mellora de abastecemento de auga potable, tal e como se describe na correspondente ficha de acción "Novo depósito de abastecemento Municipal na Zapateira".
- O Planeamento de desenvolvemento xustificará, co nivel de detalle que sexa preciso, o cumprimento das normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- O ámbito en cuestión atópase baixo a influencia das servidumes do aeroporto da Coruña, porén o planeamento de desenvolvemento deberá contar con autorización de Aviación Civil, previa á súa aprobación. As servidumes e as limitacións ao uso xeradas por dito aeroporto inclúense na colección de planos de ordenación e no anexo á normativa do PXOM respectivamente, aínda que ante calquera discordancia prevalecerán as sinaladas na documentación oficial do Ministerio de Fomento e nos decretos e leis que conteñen ditas limitacións.

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO REMITIDO (APR) E XESTIÓN

CLASE DE SOLO:	FIGURA DE PLANEAMENTO:	DENOMINACIÓN:	LOCALIZACIÓN DO PLANO:		CÓDIGO DA ÁREA:		
URBANIZABLE DELIMITADO	PLAN PARCIAL	Zapateira Norte	ORDENACIÓN: EX-01 OD-01-C2	XESTIÓN: OD-02-C2	PLANEAMENTO: APR-PP-Sector R7	XESTIÓN: AR-Sector R7	2de2


CONEXIÓN ÁS REDES DE INFRAESTRUTURA DE SERVIZOS:

A conexión ás redes existentes expónse no volume DINA3 de ordenación detallada "Redes de Infraestrutura de servizos", mais deberá ser estudada en detalle mediante o instrumento de desenrolo.

- 1.Saneamento de augas fecais: A rede principal conectará co colector existente na Rúa Anchouza, paralelo ao Rego de Castro.
- 2.Desague de pluviais: As augas pluviais aproveitarán o espazo libre de sistema xeral proposto para desaugar previo paso por un filtro separador de graxas. No caso do subámbito situado ao sur, poderá conectarse á rede de pluviais existente na Rúa Río Ulla.
- 3.Abastecemento de auga: A rede principal conectará dende a Rúa Río Miño, tecendo todos os ramais interiores ás urbanizacións existentes que sexa preciso para garantir o mallado da rede. No caso do subámbito sur, construírase unha rede de abastecemento que baixando pola Rúa Río Mandeo conecte coa existente na Rúa das Anchouzas.
- 4.Abastecemento de gas: Efectuarase a conexión coa rede de gas existente na Rúa Río Miño, e na do Río Mandeo.
- 5.Abastecemento eléctrico: Efectuarase a conexión dende os transformadores existentes na Rúa Río Miño, e na do Río Mandeo. Todas as instalacións que se deseñen deberán incorporarse á urbanización mediante canalización soterrada.
- 6.Telecomunicacións: Efectuarase a conexión dende os transformadores existentes na Rúa Río Miño, e na do Río Mandeo. Todas as instalacións que se deseñen deberán incorporarse á urbanización mediante canalización soterrada.

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO REMITIDO (APR) E XESTIÓN

CLASE DE SOLO:	FIGURA DE PLANEAMENTO:	DENOMINACIÓN:	LOCALIZACIÓN DO PLANO:	CÓDIGO DA ÁREA:	
URBANIZABLE DELIMITADO	PLAN PARCIAL	Almeiras	ORDENACIÓN: EX-04 OD-01-E3/F3/E4/F4	XESTIÓN: OD-02-E3/F3/E4/F4	PLANEAMENTO: APR-PP-Sector R8 XESTIÓN: AR-Sector R8 1de2



USO GLOBAL: Residencial. Outros usos permitidos, segundo a táboa de compatibilidade do Anexo á Normativa.

SUPERFICIES:

PLANEAMENTO

Superficie bruta do ámbito:	155.123 m ²	Coefficiente de edificabilidade:	0,25788724 m ² /m ²
Superficie de sistema existente e mantido:	7.657 m ²	Aproveitamento lucrativo total:	38.029,60 m ² c
Superficie neta do ámbito:	147.466 m ²		

APROVEITAMENTOS:

XESTIÓN

Superficie de solo rústico adscrito:	42.682 m ²	Aproveitamento tipo:	0,20 m ² /m ² utc
Superficie da área de reparto:	190.148 m ²		

CESIÓNS:

SISTEMA	XERAL	LOCAL
Espazos libres	SXEL-03-12(Pb)	
Equipamentos	---	As regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan Parcial
Infraestruturas de servizo	SXIS-07	
Viario	---	
Prazas de aparcadoiro en dominio público		As regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan Parcial
Prazas de aparcadoiro en dominio privado		As regulamentariamente establecidas, a concretar no Plan Parcial
Aproveitamento lucrativo para a vivenda pública protexida		10% do aprov. lucrativo residencial
Reserva mínima dotacional autonómica para a construción de vivendas de promoción e titularidade pública		951 m ²

SISTEMA DE ACTUACIÓN PREFERENTE: Compensación

OBXECTIVOS DA ORDENACIÓN:

O solo urbanizable en cuestión delimitase como sector recollendo o espazo vacante entre os tecidos de solo de núcleo rural de Vigovidín, Almeiras, A choeira, A silva... Este espazo intersticial ao tecido residencial de Almeiras foi en parte xa ocupado por algunhas edificacións, mais sen atender á continuidade viaria, ás carencias de espazo público, ou de redes de servizos urbanos. Os obxectivos marcados para este sector son porén, acadar a continuidade entre as diferentes tramas, que de xeito espontáneo foron medrando neste entorno rural, dada a presión á que se ve sometido pola súa proximidade ao solo urbano. Preténdese mellorar a rede de espazos públicos, e mesmo incorporar un novo sistema xeral de espazo libre que, en conxunto co proposto para o Castro de Alvedro constitúa un novo referente. Artillarase a transición entre as tipoloxías residenciais unifamiliares de orixe rural, de carácter máis urbano, e de actividade terciaria e industrial do Polígono Empresarial de Alvedro.

DETERMINACIÓNS:

- O Plan de desenvolvemento deberá atender ás observacións contidas na ficha de acción do sistema xeral de espazo libre asignado ao sector.
- As cesións de sistema local empregaranse como ferramenta de permeabilidade visual e peonil entre os tecidos existentes, e o espazo a edificar.
- A rede viaria de tráfico motorizado, interna ao ámbito, será a mínima indispensable, mais deberá garantir a continuidade das trazas existentes., tendo en conta as condicións naturais do terreo, co fin de evitar grandes movementos de terra.
- O aproveitamento residencial materializarase en tipoloxía de vivenda unifamiliar illada, acaroada ou agrupada, non debendo superar as dúas plantas de altura (B+1), nin os 32 metros de fronte continuo.
- A ordenación deberá respectar as edificacións existentes, incluíndoas no contexto da urbanización.
- O Plan Parcial deberá conter as conclusións dunha prospección arqueolóxica intensiva.
- O sector participará da mellora de abastecemento de auga potable, tal e como se describe na correspondente ficha de acción "Novo depósito de abastecemento Municipal na Zapateira".
- O Planeamento de desenrolo xustificará, co nivel de detalle que sexa preciso, o cumprimento das normas de habitabilidade de vivendas de Galicia. (Continúa)

FICHA DE ÁREA DE PLANEAMENTO REMITIDO (APR) E XESTIÓN

CLASE DE SOLO:	FIGURA DE PLANEAMENTO:	DENOMINACIÓN:	LOCALIZACIÓN DO PLANO:	CÓDIGO DA ÁREA:	
URBANIZABLE DELIMITADO	PLAN PARCIAL	Almeiras	ORDENACIÓN: EX-04 OD-01-E3/F3/E4/F4	XESTIÓN: OD-02-E3/F3/E4/F4 PLANEAMENTO: APR-PP-Sector R8 XESTIÓN: AR-Sector R8	2de2

9.O ámbito en cuestión atópase baixo a influencia das servidumes do aeroporto da Coruña, porén o planeamento de desenrolo deberá contar con autorización de Aviación Civil, previa á súa aprobación.

As servidumes e as limitacións ao uso xeradas por dito aeroporto inclúense na colección de planos de ordenación e no anexo á normativa do PXOM respectivamente, aínda que ante calquera discordancia prevalecerán as sinaladas na documentación oficial do Ministerio de Fomento e nos decretos e leis que conteñen ditas limitacións.


CONEXIÓN ÁS REDES DE INFRAESTRUTURA DE SERVIZOS:

A conexión ás redes existentes expónse no volume DINA3 de ordenación detallada "Redes de Infraestrutura de servizos", mais deberá ser estudada en detalle mediante o instrumento de desenrolo.

- 1.Saneamento de augas fecais: Efectuarase a conexión coa rede existente do Polígono Empresarial de Alvedro, e completarase a liña da Rúa Pereiros.
- 2.Desaugue de pluviais: As augas pluviais aproveitarán os espazos libres propostos para desaugar previo paso por un filtro separador de graxas. Conectarase así mesmo, coa rede de pluviais existente no Polígono Empresarial de Alvedro.
d) Calquera outro uso ou actividade que supoña un obstáculo para a corrente en réxime de enchentes ou que poida ser causa de degradación ou deterioración do estado da masa de auga, do ecosistema acuático e, en xeral, do dominio público hidráulico.

2. Sen prexuízo da modificación dos límites da zona de policía, cando concorran algunhas das causas sinaladas no artigo 6.2 do texto refundido da Lei de augas, a zona de policía poderase ampliar, se for necesario, para incluír a zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo, co obxecto específico de protexer o réxime de correntes en enchentes e reducir o risco de produción de danos en persoas e bens. Nestas zonas ou vías de fluxo preferente só poderán ser autorizadas polo organismo de bacía aquelas actividades non vulnerables fronte ás enchentes e que non supoñan unha redución significativa da capacidade de desaugamento da devandita vía.

A zona de fluxo preferente é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as enchentes, ou vía de intenso desaugamento, e da zona onde, para a enchente de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas as zonas.

Para os efectos da aplicación da definición anterior, considerarase que se poden producir graves danos sobre as persoas e os bens cando as condicións hidráulicas durante a enchente satisfagan un ou máis dos seguintes criterios:

a) Que o calado sexa superior a 1 m.

b) Que a velocidade sexa superior a 1 m/s.

c) Que o produto de ambas as variables sexa superior a 0,5 m²/s.

Enténdese por vía de intenso desaugamento a zona pola que pasaría a enchente de 100 anos de período de retorno sen producir unha sobreelevación maior que 0,3 m, respecto á cota da lámina de auga que se produciría con esa mesma enchente considerando toda a chaira de inundación existente.

A sobreelevación anterior poderá, a criterio do organismo de bacía, reducirse ata 0,1 m cando o incremento da inundación poida producir graves prexuízos ou aumentarse ata 0,5 m en zonas rurais ou cando o incremento da inundación produza danos reducidos.

Na delimitación da zona de fluxo preferente empregárase toda a información de índole histórica e xeomorfolóxica existente, co fin de garantir a adecuada coherencia dos resultados coas evidencias físicas dispoñibles sobre o comportamento hidráulico do río.

3. A modificación dos límites da zona de policía, cando concorran algunhas das causas sinaladas no número 2 deste artigo, só poderá ser promovida pola Administración xeral do Estado, autonómica ou local.

A competencia para acordar a modificación corresponderalle ao organismo de bacía, que deberá instruír para o efecto o oportuno expediente, no cal se deberá practicar o trámite de información pública e o de audiencia aos concellos e comunidades autónomas en cuxo territorio se atopen os terreos gravados e aos propietarios afectados. A resolución deberá ser motivada e publicada, polo menos, no boletín oficial das provincias afectadas.

4. A execución de calquera obra ou traballo na zona de policía de leitos precisará a autorización administrativa previa do organismo de bacía, sen prexuízo dos supostos especiais regulados neste regulamento. Esta autorización será independente de calquera outra que deba ser outorgada polos distintos órganos das administracións públicas.

Artigo 10º.

1. Poderán realizarse en caso de urxencia traballos de protección de carácter provisional nas marxes dos canles. Serán responsables dos eventuais danos que puideran derivarse de ditas obras os propietarios que as construíran (Artigo 7 do TRLA).
2. A realización dos citados traballos na zona de policía deberá ser posta en coñecemento do Organismo de conca no prazo de un mes, ao obxecto de que este, á vista dos mesmos e das circunstancias que os motivaron, poida resolver sobre a súa legalización ou demolición.

Artigo 11º.

As situacións xurídicas derivadas das modificacións naturais dos canles rexeranse polo disposto na lexislación civil. En canto ás modificacións que se orixinen polas obras legalmente autorizadas, estarase ao establecido na concesión ou autorización correspondente (Artigo 8 do TRLA).

Artigo 78º. (Modificado polo R.D. 367/2010 e polo R.D. 1290/2012)

1. Para realizar calquera tipo de construción en zona de policía de leitos, esixirase a autorización previa ao organismo de bacía, non sendo que o correspondente plan de ordenación urbana, outras figuras de ordenamento urbanístico ou plans de obras da Administración fosen sometidos a informe do organismo de bacía e recollesen as oportunas previsións formuladas para o efecto. En todos os casos, os proxectos derivados do desenvolvemento do planeamento deberán ser comunicados ao Organismo de bacía para que se analicen as posibles afeccións ao dominio público hidráulico e ao disposto no artigo 9.
2. Á petición referida uniráselle un plano de planta que inclúa a construción e as marxes do leito, cun perfil transversal polo punto de localización da construción máis próximo ao leito, no que quedarán reflectidas as posibles zonas exentas de edificios.
3. A tramitación será a sinalada no artigo 53 deste regulamento.
4. Os organismos de bacía notificaránlle ao concello competente as peticións de autorización de construción de zona de policía de leitos, así como as resolucións que sobre ela se diten para os efectos do posible outorgamento da correspondente licenza de obras.

Artigo 79º. (Modificado polo R.D. 367/2010)

Para a execución de obras de defensa ou nivelacións de terreos, camiños rurais, levadas e drenaxes en zona de policía que alteren sensiblemente o relevo natural, a petición, documentación e trámites axustaranse ao disposto no artigo 53.

Artigo 80º. (Modificado polo R.D. 367/2010)

As extraccións de agregados en zonas de policía de leitos, sen prexuízo do establecido na lexislación de minas, só poderán ser outorgadas ao propietario da terra ou a persoas que gocen da súa autorización.

Tramitaranse de acordo co sinalado no artigo 53, coas peculiaridades propias do caso e coas particularidades seguintes:

- a) Suprimirase na documentación técnica todo o referente a cubicacións.*
- b) Na mesma documentación farase resaltar canto corresponda á realización dos traballos en relación coas marxes e os seus reforzos co fin de evitar a desviación do leito como consecuencia da depresión causada coas extraccións. Igualmente, estudarase a posible reposición do oco ocasionado con produtos sobrantes da extracción ou outros materiais.*

Artigo 81º. (Modificado polo R.D. 367/2010 e polo R.D. 1290/2012)

A autorización de calquera outra actividade a que fai referencia a alínea d) do artigo 9 deste regulamento será tramitada polo organismo de bacía de acordo co disposto no artigo 53.

En relación con plantacións, serán de aplicación para a zona de policía os mesmos condicionantes establecidos no artigo 74.7.

Artigo 82º. (Modificado polo R.D. 367/2010)

- 1. As acampadas colectivas en zona de policía de leitos públicos que, de acordo coa lexislación vixente, necesiten autorización dos organismos competentes en materia de regulación de campamentos turísticos, deberán ser autorizadas polo organismo de bacía, logo da correspondente petición formulada polo interesado, polo menos cun mes de antelación á data en que queira iniciarse a acampada.*
- 2. Esta autorización sinalará as limitacións a que deberá suxeitarse a acampada, no referente aos riscos para a seguridade das persoas ou de contaminación das augas por verteduras de residuos sólidos ou líquidos.*

Sobre o vertidos e a calidade das augas

Artigo 232º.

Son obxectivos da protección do dominio público hidráulico contra o seu deterioro:

- a. Conseguir e manter un adecuado nivel de calidade das augas.*
- b. Impedir a acumulación de compostos tóxicos ou perigosos no subsolo, capaces de contaminar as augas subterráneas.*
- c. Evitar calquera outra actuación que poida ser causa da súa degradación (Artigo 92 do TRLA).*

Artigo 233º.

- 1. Enténdese por contaminación, aos efectos da Ley de Aguas, a acción e o efecto de introducir materias ou formas de enerxía, ou inducir condicións na auga que, de modo directo ou indirecto, impliquen unha alteración prexudicial da súa calidade en relación cos usos posteriores ou coa súa función ecolóxica.*

O concepto de degradación do dominio público hidráulico a efectos deste Lei inclúe as alteracións prexudiciais do entorno afecto a dito dominio. (Artigo 93 do TRLA).

- 2. Entre os usos posteriores mencionados no apartado anterior, serán obxecto de especial protección aqueles que corresponden aos abastecementos de auga potable, impliquen afección á saúde humana ou teñan asignada unha función ecolóxica para a protección de zonas vulnerables ou sensibles.*

Artigo 245º. Autorización. (Modificado polo R.D. 606/2003)

1. *Para os efectos da Lei de augas, considéranse verteduras as que se realicen directa ou indirectamente nas augas continentais, así como no resto do dominio público hidráulico, calquera que sexa o procedemento ou técnica utilizada.*

Son verteduras directas a emisión directa de contaminantes ás augas continentais ou a calquera outro elemento do dominio público hidráulico, así como a descarga de contaminantes na auga subterránea mediante inxección sen percolación a través do solo ou do subsolo.

Son verteduras indirectas tanto as realizadas en augas superficiais a través de canles, redes de colectores de recollida de augas residuais ou de augas pluviais ou por calquera outro medio de desaugamento, ou a calquera outro elemento do dominio público hidráulico, así como as realizadas en augas subterráneas mediante filtración a través do solo ou do subsolo.

2. *Queda prohibido con carácter xeral a vertedura directa ou indirecta de augas e produtos residuais susceptibles de contamina-las augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico, salvo que se conte coa autorización previa. A dita autorización correspóndelle ó organismo de bacía tanto no caso de verteduras directas a augas superficiais ou subterráneas como no de verteduras indirectas a augas subterráneas.*

Cando se trate de verteduras indirectas a augas superficiais, a autorización corresponderalle ó órgano autonómico ou local competente.

3. *A autorización de vertedura terá como obxecto a consecución do bo estado ecolóxico das augas, de acordo coas normas de calidade, os obxectivos ambientais e as características de emisión e inmisión establecidas neste regulamento e no resto da normativa en materia de augas. Estas normas e obxectivos poderán ser concretados para cada bacía polo respectivo plan hidrolóxico, de acordo co disposto no artigo 100.2 do texto refundido da Lei de augas.*

4. *As verteduras indirectas a augas superficiais con especial incidencia para a calidade do medio receptor, segundo os criterios sinalados no punto anterior, deben contar con informe favorable do organismo de bacía previamente ó outorgamento da preceptiva autorización.*

5. *Para os efectos deste regulamento, enténdese por:*

a) Norma de calidade ambiental: a concentración dun determinado contaminante ou grupo de contaminantes na auga, nos sedimentos ou na biota, que non debe superarse co fin de protexer a saúde humana e o medio.

b) Valor límite de emisión: a cantidade ou a concentración dun contaminante ou grupo de contaminantes, o valor dos cales non debe superarse pola vertedura. En ningún caso o cumprimento dos valores límites de emisión poderá alcanzarse mediante técnicas de dilución.

c) Contaminante: calquera substancia que poida causar contaminación e en particular as que figuran no anexo II.

d) Substancia perigosa: as substancias ou grupos de substancias que son tóxicas, persistentes e bioacumulables, así como outras substancias ou grupos de substancias que entrañan un nivel de risco análogo.

e) Obxectivo ambiental: para as augas continentais, a prevención da deterioración das distintas masas de auga, a súa protección, mellora e rexeneración, co fin de alcanzar un bo estado das augas.

Reglamentación dos peches de fincas e liña límite de edificación.

De xeito complementario ás disposicións legais da lexislación sectorial de augas e aos instrumentos de ordenación territorial en materia hidrolóxica, establécense dende o Plan Xeral un conxunto de limitacións que contribúen á protección do dominio público hidráulico.

- Solo urbano e solo de núcleo rural.

En solo clasificado de urbano e de núcleo rural a separación dos peches e da edificación aos canles será a que establezan os planos de ordenación detallada mediante as correspondentes aliñacións e recuamentos ou, no seu caso, o recuamento que fixe a ordenanza correspondente.

A distancia xenérica mínima do peche de finca ou de calquera tipo de edificación será de 5 metros medidos dende o límite ao que cheguen as augas nas máximas enchentes ordinarias coa finalidade de garantir o respecto da zona de servidume, mais a edificación ou instalacións de orixe histórico ou tradicional en zona de servidume quedarán dentro de ordenación cando así sexan recoñecidas pola aliñación nos correspondentes planos de ordenación.

En caso de existir dúbida sobre o comportamento do réxime de avenidas o corpo técnico municipal instará á propiedade, previa licenza, á elaboración dun estudo de inundabilidade ao obxecto do establecemento, cun maior grao de seguridade, das referidas separacións ao mesmo a necesidade de propor un plan de canalización que deberá ser informado e autorizado polo organismo de conca. Se por mor dun estudo específico tivera que modificarse a aliñación ou a separación da edificación, formularase o correspondente instrumento de desenvolvemento (estudo de detalle ou plan especial) consonte á legalidade urbanística.

En todo caso a zona de servidume constitúese para estas clases de solo como espazo público de tránsito peonil baixo o réxime de autorizacións previsto no artigo 7 do RDPH.

O cumprimento das separacións dos peches e construcións definidos nos parágrafos anteriores comportará, sempre que sexan en zona de policía de leitos, a non obrigatoriedade de autorización previa do organismo de conca prevista no artigo 78 do RDPH.

- Solo rústico.

Toda actuación permitida en aplicación do réxime de usos previsto para o solo rústico, en tanto se atope afectado pola zona de servidume ou policía de canles ou incluído en solo rústico de protección de augas, precisará, previa autorización autonómica e do organismo de conca, o correspondente estudo hidráulico no que se analice suficientemente o grao de afección da actuación pretendida sobre o dominio público. En base ao citado estudo, concretaranse as distancias que os peches, edificacións e instalacións deberán respectar ao canle ou zonas asolagábeis.

- Actuacións de desenvolvemento urbanístico.

Os instrumentos de ordenación pormenorizada que ordenen ámbitos de desenvolvemento urbanístico (solo urbanizable, solo urbano non consolidado ou polígonos en actuacións integrais en núcleo rural común) que se atopen afectados pola zona de servidume ou policía de canles, deberán ser informados polo organismo de conca.

Os citados instrumentos de planeamento procurarán unha ordenación respectuosa co dominio público hidráulico, afectando minimamente as zonas próximas ás ribeiras. Neste senso resultará aconsellable fixar os espazos libre públicos nas zonas máis próximas ao canle ou nos terreos onde se evidencien liñas de escorrentía estacional ou zonas hidromorfas, procurando a contribución á recuperación e mantemento de corredores ambientais.

B) PROTECCIÓN E LEXISLACIÓN SOBRE COSTAS

Lexislación aplicable e disposicións competenciais:

- Lei 22/1988, do 28 de xullo, Ley de Costas
- *Real Decreto 1471/1989, de 1 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento General para el desarrollo y ejecución de la ley 22/1988 de costas.*
- *Ley 53/02, de medidas fiscales, administrativas e de orden social.*

Teranse en conta as atribucións competenciais dadas ás comunidades autónomas por sentenza de xullo de 1991 do Tribunal Constitucional, polo cal os usos e actividades en zona de servidume e protección están suxeitos a autorización da Comunidade Autónoma de Galicia.

Consideracións sobre o deslinde:

O termo municipal de Culleredo conta con deslinde do dominio público marítimo-terrestre. Dito deslinde represéntase nos planos que obran no expediente instruído pola Demarcación de Costas do Departamento de Galicia, e aprobado por O.M. de 15 de marzo de 2004 (BOE nº 249 do 15 de outubro de 2004).

Nos correspondentes Planos de Ordenación de “Estrutura Xeral e Orgánica” a escala 1/5.000, así como na “Ordenación Detallada”, de escala 1 /2.000 represéntase dito deslinde, a ribeira do mar e a servidume de protección de costas, conforme á documentación facilitada pola Demarcación de Costas.

A protección do dominio público marítimo-terrestre e as limitacións da propiedade sobre a franxa costeira son establecidas pola Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, así como polo seu Regulamento Xeral que a desenvolve, así como nas súas disposicións transitorias.

Terase en conta que o contido do apartado 3 da disposición transitoria 3ª da *Ley 22/1988 de costas* foi modificada pola *Ley 53/02, de medidas fiscales, administrativas y del orden social*.

Así mesmo se terán en conta as atribucións competenciais dadas ás comunidades autónomas por sentenza de xullo de 1991 do Tribunal Constitucional, polo cal os usos e actividades en zona de servidume e protección están suxeitos a autorización da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os terreos clasificados como solo urbano polo presente PXOM e que se atopen invadindo a servidume de protección de costas, estarán ao disposto no Título II da *Ley de costas* e o seu Regulamento e nas súas Disposicións transitorias.

C) PROTECCIÓN E LEXISLACIÓN SOBRE ESTRADAS

As condicións e limitacións que se deben aplicar ós terreos afectados polas estradas no Termo Municipal de Culleredo dependen da seguinte lexislación sectorial:

Lexislación aplicable:

- Lei 25/1988, do 29 de xullo, de Estradas.
- Real decreto 1812/1994, do 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas, modificado polo RD1911/1997 de 19 de decembro e polo RD597/1999 de 16 de abril.
- Orden Ministerial de Fomento, do 16 de decembro de 1997, pola que se regulan os accesos ás estradas do Estado, as vías de servizo e a construción de instalacións de servizos, modificada pola FOM/392/2006 de 14 de febreiro.
- Lei 4/1994, do 14 de setembro, de Estradas de Galicia. Aplicable ó resto de estradas non estatais, onde a competencia corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 308/2003 de 26 de xuño. Polo que se aproba a relación de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

165

1. Protección do dominio público e limitacións á propiedade nas estradas nacionais:

Transcríbese a continuación o contido do articulado do Regulamento Xeral de Estradas que fai referencia a este concepto:

“Artigo 73. Zonas de protección.

1. *Ós efectos da Lei de Estradas e deste Regulamento establécense nas estradas as seguintes zonas: de dominio público, de servidume e de afección (artigo 20).*
- 2 *A efectos do réxime xurídico de protección do dominio público viario e para a determinación das limitacións da propiedade dos terreos lindeiros, os ramais de enlace e as vías de xiros de interseccións terán en todo caso a consideración de estradas convencionais.*
3. *A natureza de dominio público dos terreos e instalacións dos elementos funcionais da estrada que establece o [artigo 55.3](#) deste Regulamento, prevalecerá sobre as zonas de servidume ou afección onde se superpoñan.*
4. *Onde as zonas de dominio público, servidume e afección se superpoñan, en función de que a súa medición se realice dende a estrada principal ou dende os ramais de enlaces e vías de xiro de interseccións, prevalecerá, en todo caso, a configuración da zona de dominio público sobre a de servidume, e a desta sobre a de afección, calquera que sexa a estrada ou elemento determinante.*
5. *Nos cruces e interseccións da Rede de Estradas do Estado con estradas de titularidade doutras Administracións Públicas, o exercicio das respectivas competencias coordinaranse entre si, quedando a salvo as atribucións do Estado sobre as estradas da súa propia Rede.*

SECCIÓN 1. ZONA DE DOMINIO PÚBLICO

Artigo 74. Delimitación.

- 1 *Son de dominio público os terreos ocupados polas estradas estatais e os seus elementos funcionais, e unha franxa de terreo de 8 metros de anchura en autoestradas, autovías e vías rápidas, e de tres metros no resto das estradas, a cada lado da vía, medidas en horizontal e perpendicularmente ó eixe da mesma, dende a aresta exterior da explanación. A aresta exterior da explanación é a intersección da támara do desmonte, do terraplén ou, no seu caso, dos muros de sostemento lindeiros, co terreo natural. Nos casos especiais de pontes, viadutos, túneles, estruturas ou obras similares, poderase fixar como aresta exterior da explanación a liña de proxección ortogonal do borde das obras sobre o terreo. Será en todo caso de dominio público o terreo ocupado polos soportes da estrutura ([artigo 21.1](#)).*

2. En túneles, a determinación da zona de dominio público poderá estenderse á superficie dos terreos necesarios para asegura-la conservación e mantemento da obra, de acordo coas características xeotécnicas do terreo, a súa altura sobre o túnel e a disposición dos seus elementos, tales como ventilación, accesos ou outros necesarios.

Artigo 75. Expropiación.

1. Os proxectos de construción ou trazado de novas estradas, variantes, duplicacións de calzada, acondicionamento, restablecemento das condicións das vías e ordenación de accesos comprenderán a expropiación dos terreos a integrar na zona de dominio público, incluíndo no seu caso os destinados a áreas de servizo e outros elementos funcionais da estrada.
2. Excepcionalmente, nos casos de viadutos e pontes, a expropiación e, en consecuencia, a configuración da zona de dominio público, poderá limitarse ós terreos ocupados polos cimentos dos soportes das estruturas e unha franxa dun metro, como mínimo, ó seu redor. O resto dos terreos afectados quedará suxeito á imposición das servidumes de paso necesarias para garanti-lo adecuado funcionamento e explotación da estrada.

Artigo 76. Obras e instalacións.

1. Só poderán realizarse obras ou instalacións na zona de dominio público da estrada, previa autorización do Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente , cando a prestación dun servizo público de interese xeral así o esixa. Todo elo sen prexuízo doutras competencias concorrentes e do establecido no artigo 38 da Lei de Estradas e concordantes deste Regulamento (artigo 21.3).
2. En ningún caso se autorizarán obras ou instalacións que podan afectar á seguridade da circulación viaria, prexudiquen a estrutura da estrada e os seus elementos funcionais, ou impidan a súa adecuada explotación.
3. Na zona de dominio público permitiranse as obras relacionadas cos accesos dunha estación de servizo debidamente autorizada.
4. Poderase autorizar excepcionalmente a utilización do subsolo na zona de dominio público, para a implantación ou construción de infraestruturas imprescindibles para a prestación de servizos públicos de interese xeral, cos requisitos e procedementos establecidos na Sección 6 do presente Título do Regulamento.
5. No caso previsto no apartado anterior, as obras ou instalacións situaranse fora da explanación da estrada, salvo nos casos de cruces, túneles, pontes e viadutos.

SECCIÓN 2. ZONA DE SERVIDUME

Artigo 77. Delimitación.

A zona de servidume das estradas estatais consistirá en dúas franxas de terreo a ambos lados das mesmas, delimitadas interiormente pola zona de dominio público definida nos artigos 21 da Lei de Estradas e 74 deste Regulamento, e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas exteriores da explanación a unha distancia de 25 metros en autoestradas, autovías e vías rápidas, e de 8 metros no resto das estradas, medidas dende as citadas arestas (artigo 22.1).

Artigo 78. Usos permitidos.

1. Na zona de servidume non poderán realizarse obras nin se permitirán máis usos que aqueles que sexan compatibles coa seguridade viaria, previa autorización, en calquera caso, do Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente , sen prexuízo doutras competencias concorrentes e do establecido no artigo 38 da Lei de Estradas e 123 deste Regulamento (artigo 22.2).
2. En todo caso, o Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente poderá utilizar ou autoriza-la utilización da zona de servidume por razóns de interese xeral ou cando o requira o mellor servizo da estrada (artigo 22.3).

3. A zona de servidume poderase utilizar para os seguintes fines:
- a Canalización de augas que discorran pola estrada.
 - b Depósito temporal de obxectos que se encontren sobre a plataforma da estrada e constitúan perigo ou obstáculo para a circulación.
 - c Estacionamento temporal de vehículos ou remolques que non podan circular por calquera causa.
 - d Conducións vinculadas a servizos de interese xeral, si non existe posibilidade de levalas máis lonxe da estrada.
 - e Almacenamento temporal de materiais, maquinaria e ferramentas destinadas ás obras de construción, reparación ou conservación da estrada.
 - f Outros análogos que contribúan ó mellor servizo da estrada, tales como camiños agrícolas ou de servizo, e zonas de aparcamento.
4. O outorgamento das autorizacións para a utilización por terceiros da zona de servidume para os fins expresados, corresponderá á Dirección Xeral de Estradas.

Artigo 79. Requisitos.

1. Nos supostos enunciados nos parágrafos a), b) e c) do apartado 3 do artigo anterior, a utilización temporal dos terreos comprendidos na zona de servidume non requirirá a previa notificación da Dirección Xeral de Estradas ó propietario nin ó posuidor dos terreos afectados.
2. Nos casos previstos nos parágrafos d), e) e f), a Dirección Xeral de Estradas notificará previamente ó propietario do inmovble afectado e ó arrendatario ou outros posuidores con título válido en Dereito, a resolución de ocupa-los terreos necesarios, con expresión da superficie e do prazo previsto, finalidade á que se destina e designación do beneficiario, ós efectos de que nun prazo de quince días manifieste o que estime conveniente.

Artigo 80. Uso polos titulares.

- 1 O uso e explotación dos terreos comprendidos dentro da zona de servidume polos seus propietarios ou titulares dun dereito real ou persoal que leve aparelado o seu goce, estarán limitados pola súa compatibilidade coas ocupacións e usos que efectúe a Dirección Xeral de Estradas ou as persoas autorizadas, sen que esta limitación xere dereito a indemnización.
- 2 Os propietarios ou titulares doutros dereitos reais ou persoais sobre os terreos afectados polas servidumes necesarias para garanti-lo funcionamento e explotación da estrada poderán realizar cultivos sen necesidade de autorización, pero non obras ou instalacións que impidan a efectividade da servidume ou que afecten á seguridade da circulación viaria. Tampouco se poderán realizar plantacións, obras ou instalacións que impidan a efectividade desas servidumes ou incidan na seguridade da circulación viaria.

Artigo 81. Indemnización.

- 1 Serán indemnizables a ocupación da zona de servidume e os danos e prexuízos que se causen pola súa utilización (artigo 22.4).
2. A tal efecto, será de aplicación o previsto na Lei de Expropiación Forzosa e o seu Regulamento.
3. O abono das indemnizacións será por conta do beneficiario da ocupación.

SECCIÓN 3. ZONA DE AFECCIÓN

Artigo 82. Delimitación.

A zona de afección dunha estrada estatal consistirá en dúas franxas de terreos a ambos lados da mesma, delimitadas interiormente pola zona de servidume e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas exteriores da explanación a unha distancia de 100 metros en autoestradas, autovías e vías rápidas, e de 50 metros no resto das estradas, medidas dende as citadas arestas (artigo 23.1).

Artigo 83. Obras e instalacións.

- 1. Para executar na zona de afección calquera tipo de obras ou instalacións fixas ou provisionais, cambia-lo uso ou destino das mesmas e plantar ou talar árbores, requirirase a previa autorización do Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente, sen prexuízo doutras competencias concorrentes e do establecido no artigo 38 da Lei de Estradas e 123 deste Regulamento (artigo 23.2).*
- 2. Nas construcións e instalacións xa existentes na zona de afección poderán realizarse obras de reparación ou mellora, previa a autorización correspondente, unha vez constatada a súa finalidade e contido, sempre que non supoñan aumento de volume da construción e sen que o incremento de valor que aquelas comporten poda ser tido en conta a efectos expropiadores, todo elo, así mesmo, sen prexuízo das demais competencias concorrentes e do disposto no artigo 39 da Lei (artigo 23.3).*
- 3. A denegación da autorización deberá fundarse nas previsións dos plans ou proxectos de ampliación ou variación da estrada, nun futuro non superior a dez anos (artigo 23.4).*

SECCIÓN 4. LIÑA LÍMITE DE EDIFICACIÓN

Artigo 84. Delimitación.

- 1. A ambos lados das estradas estatais establécese a liña límite de edificación, dende ela ata a estrada queda prohibido calquera tipo de obra de construción, reconstrución ou ampliación, agás das que resulten imprescindibles para a conservación e mantemento das construcións existentes.*

A liña límite de edificación sitúase a 50 metros en autoestradas, autovías e vías rápidas, e a 25 metros no resto das estradas, da aresta exterior da calzada máis próxima, medidos horizontalmente a partir da mencionada aresta. Enténdese que a aresta exterior da calzada é o borde exterior da parte da estrada destinada á circulación de vehículos en xeral (artigo 25.1).

- 2. Ós efectos do apartado anterior, os ramais de enlaces e as vías de xiro de interseccións terán a consideración de estradas convencionais.*

Artigo 85. Casos especiais.

- 1. Con carácter xeral, nas estradas estatais que discorran total ou parcialmente por zonas urbanas, o Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente poderá establecer a liña límite de edificación a unha distancia inferior á fixada no artigo anterior, sempre que o permita o planeamento urbanístico correspondente, con arranxo ó procedemento que regulamentariamente se estableza (artigo 25.2).*
- 2. Así mesmo, o Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente, previo informe das Comunidades Autónomas e Entidades locais afectadas, poderá, por razóns xeográficas ou socioeconómicas, fixar unha liña límite de edificación inferior á establecida con carácter xeral, aplicable a determinadas estradas estatais en zonas ou comarcas perfectamente delimitadas (artigo 25.3).*
- 3. Non obstante o disposto nos apartados anteriores, nas variantes ou estradas de circunvalación que se constrúan co obxecto de elimina-las travesías das poboacións, a liña límite de edificación situarase a 100 metros, medidos horizontalmente a partir da aresta exterior da calzada en toda a lonxitude da variante (artigo 25.4).*
- 4. A efectos do previsto nos apartados 1 e 2 do presente artigo, a Dirección Xeral de Estradas determinará provisionalmente a liña límite de edificación e someterá o correspondente estudo de delimitación a información pública, polo prazo de trinta días hábiles, que se anunciará no Boletín Oficial do Estado, a fin de que calquera persoa física ou xurídica poda formula-las alegacións que estime pertinentes.*

Simultaneamente, dita Dirección Xeral remitirá ás Comunidades Autónomas e Entidades locais afectadas, o referido estudo de delimitación, a fin de que, en dito prazo e un mes máis, se manifesten.

En caso de conformidade, ou si as Comunidades Autónomas ou as Entidades locais non contestasen no prazo mencionado, o expediente elevarase ó Ministro de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente para a súa resolución definitiva.

No suposto de desconformidade, procederase con arranxo ó indicado no parágrafo segundo do apartado 1 do artigo 10 da Lei de Estradas e 33 deste Regulamento.

Artigo 86. Coincidencia de zonas.

- 1. Onde, por ser moi grande a proxección horizontal da támara das explanacións, a liña límite de edificación quede dentro das zonas de dominio público ou de servidume, a citada liña farase coincidir co borde exterior da zona de servidume.*
- 2. Onde as liñas límite de edificación se superpoñan, en función de que a súa medición se realice dende a estrada principal ou dende os ramais de enlaces e vías de xiro de interseccións, prevalecerá, en todo caso, a máis afastada da estrada, calquera que sexa a estrada ou elemento determinante.*

Artigo 87. Obras e instalacións.

- 1. Poderanse executar obras de conservación e mantemento das construcións existentes dentro da liña límite de edificación, así como obras de reparación por razóns de hixiene e ornato dos inmobles, previa a comunicación do seu proxecto á Dirección Xeral de Estradas; entendéndose a conformidade desta si non manifestase reparo algún, fundado na contravención do disposto na Lei de Estradas e neste Regulamento, no prazo dun mes.*
- 2. A Dirección Xeral de Estradas poderá autoriza-la colocación de instalacións facilmente desmontables, así como de cerramentos diáfanos, entre o borde exterior da zona de servidume e a liña límite de edificación, sempre que non resulten minguadas as condicións de visibilidade e seguridade da circulación viaria.*
- 3. Os depósitos subterráneos, surtidores de aprovisionamento e marquesiñas dunha estación de servizo deberán quedar situados máis aló da liña límite de edificación.*
- 4. Entre o borde exterior da zona de servidume e a liña límite de edificación non se poderán executar obras que supoñan unha edificación por debaixo do nivel do terreo, nin realizar instalacións aéreas ou subterráneas que constitúan parte integrante de industrias ou establecementos, agás as instalacións que teñan carácter provisional ou sexan facilmente desmontables.*
- 5. As limitacións anteriormente sinaladas non confiren ós titulares de dereitos reais sobre as fincas incluídas na liña límite de edificación, ningún dereito a indemnización.*

SECCIÓN 5. PUBLICIDADE

Artigo 88. Prohibición.

- 1. Fora dos tramos urbanos das estradas estatais queda prohibido realizar publicidade en calquera lugar visible dende a zona de dominio público da estrada, sen que esta prohibición de en ningún caso dereito a indemnización (artigo 24.1).*
- 2. A prohibición afectará a tódolos elementos da instalación publicitaria, comprendendo a fixación de carteis, colocación de soportes e calquera outra manifestación da citada actividade publicitaria, agás as exceptuadas na Lei de Estradas e no presente Regulamento.*

Artigo 89. Carteis informativos.

- 1. Ós efectos do disposto no artigo anterior, non se consideran publicidade os carteis informativos autorizados polo Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente (artigo 24.2).*
- 2. Son carteis informativos:*
 - a. Os sinais de servizo.*
 - b. Os carteis que indiquen lugares de interese cultural, turístico, poboacións, urbanizacións e centros importantes de atracción con acceso directo e inmediato dende a estrada.*
 - c. Os que se refiran a actividades e obras que afecten á estrada.*
 - d. Os rótulos dos establecementos mercantís ou industriais que sexan indicativos da súa actividade, nas condicións fixadas no artigo seguinte.*
 - e. Os que se refiran ós carburantes dispoñibles, marca e prezos dos mesmos na estación de servizo máis próxima. (Parágrafo engadido polo R.D.1911/97)*

3. Nos casos a), b), c) i e) do apartado anterior, a forma, cores e dimensións dos carteis informativos determinaranse polo Ministerio de Fomento, así como, en particular, a distancia a que se deban coloca-los carteis do parágrafo e), medida dende o acceso á estación de servizo. (Apartado engadido polo R.D.1911/97)
- 4 Os carteis informativos poderán ser colocados polos interesados, previa autorización da Dirección Xeral de Estradas, correndo a cargo de aqueles o seu mantemento e conservación. A autorización poderá ser revogada sen dereito a indemnización, previa audiencia do interesado, en caso de mala conservación, cese da actividade obxecto da información, por razóns de seguridade da circulación, ou por prexudica-lo servizo público que presta a estrada.
- 5 Nos casos de revogación contemplados no apartado anterior, a Dirección Xeral de Estradas comunicará ó interesado a resolución motivada, dándolle un prazo para que retire o cartel obxecto de revogación, así como os seus soportes e cimentos. Transcorrido dito prazo sen que o interesado procedese á retirada, a Dirección Xeral de Estradas levaraa a cabo, estando o titular obrigado ó pago dos custes da operación.
6. Será necesaria a colocación de carteis informativos dos carburantes petrolíferos, prezo e marca dos mesmos, ofrecidos na instalación de venda ó público máis próxima. A situación de ditos carteis efectuarase dentro das zonas de dominio público ou de servidume da estrada, debendo ser autorizada pola Dirección Xeral de Estradas. Será responsabilidade do titular da autorización a veracidade da información contida no cartel, así como a súa instalación, conservación e mantemento, operacións que, en todo caso, se farán sen risco algún para a seguridade viaria. (Apartado engadido polo R.D.1911/97)

Artigo 90. Rótulos e anuncios.

1. Os rótulos de establecementos mercantís ou industriais terán a consideración de carteis informativos si están situados sobre os inmobles en que aqueles teñan a súa sede ou na súa inmediata proximidade, e non poderán incluír comunicación adicional algunha tendente a promove-la contratación de bens ou servizos.
2. Os rótulos e anuncios deberán ser autorizados pola Dirección Xeral de Estradas. En ningún caso se autorizarán:
 - a. Os rótulos nos que a segunda maior dimensión sexa superior ó 10 por 100 da súa distancia á aresta exterior da calzada.
 - b. Os rótulos que, polas súas características ou luminosidade, vistos dende calquera punto da plataforma da estrada, podan producir abraios, confusión ou distracción ós usuarios desta, ou sexan incompatibles coa seguridade da circulación viaria.
3. Non se considerará publicidade os rótulos ou debuxos que figuren sobre os vehículos automóbiles, e se refiran exclusivamente ó propietario do mesmo ou á carga que transporte. Non se poderán utilizar sustancias que reflectan, cores ou composicións que podan inducir a confusión con sinais de circulación ou obstaculiza-lo tráfico rodado.

Artigo 91. Excepción.

Excepcionalmente, terán a consideración de información os avisos de carácter eventual relativos a probas deportivas ou acontecementos similares, regulamentariamente autorizados e que se desenvolvan na propia estrada, sen prexuízo do establecido nos artigos 24.1 da Lei de Estradas e 88.1 deste Regulamento.

CAPÍTULO II. ACCESOS

Artigo 101. Concepto.- Considéranse accesos a unha estrada estatal:

- a) As conexións desta coas vías de servizo da propia estrada ou en outras vías non estatais.
- b) As entradas e saídas directas de vehículos a núcleos urbanos e industriais, e a fincas e predios colindantes.

Artigo 102. Limitación de accesos.

- 1. O Ministerio de Fomento pode limitar os accesos ás estradas estatais e establecer con carácter obrigatorio os lugares nos que tales accesos poden construírse (artigo 28.1).*
- 2. Así mesmo, queda facultado para reordenar os accesos existentes co obxecto de mellorar a explotación da estrada e a seguridade vial, podendo expropiar para iso os terreos necesarios (artigo 28.2).*
- 3. As propiedades colindantes non terán acceso directo ás novas estradas, ás variantes de poboación e de trazado, nin ós novos tramos de calzada de interese xeral do Estado, salvo que sexan calzadas de servizo (artigo 28.4).*
- 4. Tampouco non terán estas propiedades acceso directo ás autovías, salvo a través de vías de servizo. Estas vías de servizo, elemento funcional da estrada, só se construírán para levar a cabo unha reordenación de accesos ou por outras razóns de interese público.*
- 5. Nos demais casos, as propiedades colindantes non terán acceso directo á estrada, non previsto pola Dirección Xeral de Estradas, salvo que se realice ó través de vías de servizo, se non se cumpre previamente unha das dúas condicións seguintes:*
 - a. Que o acceso sexa de interese público por se atopar vinculado a bens, obras ou servizos de carácter igualmente público.*
 - b. Que estea suficientemente xustificada a imposibilidade de outro tipo de acceso.*
- 6. Aínda nos supostos contemplados no apartado anterior, a Dirección Xeral de Estradas poderá establecer, con carácter obrigatorio, os lugares e condicións en que tales accesos poden construírse .*
- 7. En todo proxecto de duplicación de calzada, acondicionamento do trazado ou ensanche da plataforma dunha estrada estatal existente se incluírá o estudo da reordenación dos accesos que tivesen no momento de redactar dito proxecto.*
- 8. O cruce dalgún carril ou calzada dunha estrada estatal se fará a distinto nivel para cruzar unha autopista, autovía ou vía rápida.*

En estradas convencionais con intensidade media diaria (IMD) superior ós 5.000 vehículos quedan prohibidos os xiros á esquerda, o cruce a nivel de carrís e da construción de glorietas, salvo que estas, a xuízo da Dirección Xeral de Estradas melloren as condicións de seguridade da vía. Nas restantes estradas convencionais a Dirección Xeral de Estradas poderá establecer estas prohibicións cando as condicións de tráfico así o aconsellen.

O disposto neste apartado non será de aplicación ás actuacións destinadas á reordenación ou mellora de accesos xa existentes. (Punto modificado polo RD 597/1999 de 16 de abril)

2. Protección do dominio público e limitacións á propiedade nas estradas non estatais.

Transcríbese a continuación o contido dos articulados da Lei 4/1994 de Estradas de Galicia.

“Artigo 29.

1. *Para os efectos da presente lei establécese unha área de influencia das estradas, que está integrada polas seguintes zonas: de dominio público, de servidume e de afección.*
2. *As obras, instalacións, edificacións, cerramentos e calquera outra actividade que afecte terreos comprendidos na área de influencia das estradas, incluída a plantación de árbores, requirirán, en todo caso, expresa autorización do órgano competente da Administración titular da estrada, sen prexuízo doutras competencias concorrentes e do disposto no artigo 53 da presente lei, exceptuándose as labores agrícolas que non supoñan unha modificación da configuración do terreo.3. As autorizacións ás que se refire o parágrafo anterior, se entenderán outorgadas sen prexuízo de terceiro, e sempre a precario na parte en que afecte á zona de dominio público. O órgano competente da Administración titular da estrada establecerá, si é o caso, unha fianza en metálico para garanti-la execución das obras conforme ás condicións impostas, que deberá deposita-la persoa ou entidade que materialmente as realice.*
4. *Serán nulas de pleno dereito as licenzas e autorizacións administrativas outorgadas sen axustarse ó disposto nesta Lei.*
5. *Aprobado o proxecto de construción ou de trazado, si é o caso, dunha nova estrada, as anteditas áreas e zonas quedarán establecidas para ela con igual efecto que para as existentes.*

Artigo 30.

1. *Integran a zona de dominio público os terreos adquiridos por título lexítimo pola Administración titular da estrada para a construción desta e dos seus elementos funcionais.*

O límite exterior da zona de dominio público non poderá supera-los quince metros de largo a cada lado da explanación en autoestradas autónomas, corredores e vías rápidas, e os dez metros de largo no resto das estradas, medidos en horizontal e perpendicularmente ó eixe da calzada máis próxima, dende a aresta exterior da explanación correspondente ás calzadas previstas e ós seus elementos funcionais.

A aresta exterior da explanación é a intersección dá támara do desmonte, do terraplén ou, si é o caso, dos muros de contención que a delimitan co terreo natural.

Nos casos especiais de pontes, viadutos, túneles, estruturas ou obras similares, poderase fixar como aresta da explanación a liña de proxección vertical do borde das obras sobre o terreo. Será en todo caso de dominio público, como mínimo, o terreo ocupado polos soportes da estrutura.

2. *Só se poderán realizar obras, actuacións ou instalacións na zona de dominio público da estrada cando a prestación dun servizo público de interese xeral así o esixa, trátase de conexión con este servizo, de obras imprescindibles para acceder á estrada ou de instalacións provisionais por prazo fixado, logo de audiencia do órgano competente da Administración titular da estrada. Todo isto sen prexuízo doutras competencias concorrentes e do establecido no artigo 1.*

Artigo 31.

1. *A zona de circulación da estrada é a parte da zona de dominio público constituída pola calzada e as súas beiravías.*
2. *En ningún caso poderán executarse obras, actuacións ou instalacións que afecten á zona de circulación da estrada sen autorización do órgano competente da Administración titular da mesma.*

Artigo 32.

1. *A zona de servidume das estradas consistirá en dúas franxas de terreo a ambos lados das mesmas, delimitadas interiormente pola zona de dominio público definida no artigo 30 e exteriormente por dúas liñas paralelas a dito límite, a unha distancia de 17 metros en autoestradas, autovías, corredores e vías rápidas, e de dous metros no resto das estradas, medidas dende o límite exterior da zona de dominio público.*

2. Na zona de servidume non poderán realizarse obras nin se permitirán máis usos que aqueles que sexan compatibles coa seguridade viaria, previa autorización, en calquera caso, do órgano competente da Administración titular da estrada, sen prexuízo doutras competencias concorrentes e do establecido no artigo 53.
3. En todo caso, o organismo competente da Administración titular da estrada poderá utilizar ou autoriza-la utilización da zona de servidume por razóns de interese xeral ou cando o requira o mellor servizo da estrada.
4. Serán indemnizable a ocupación da zona de servidume e os danos e prexuízos que se causen pola súa utilización.

Artigo 33.

1. A zona de afección das estradas consistirá en dúas franxas de terreo a ambos lados das mesmas, delimitadas interiormente pola zona de servidume e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas da explanación, a unha distancia de 100 metros no caso das autoestradas, autovías, corredores e vías rápidas, e de 30 metros no resto das estradas, medidas dende as citadas arestas.
2. Para executar na zona de afección calquera tipo de obras ou instalacións fixas ou provisionais, cambia-lo uso ou destino das mesmas e plantar o talar árbores, requirirase a previa autorización do órgano competente da Administración titular da estrada, sen prexuízo doutras competencias concorrentes e do establecido no artigo 53.

Artigo 34.

1. Prohíbese toda aquela publicidade que sexa visible dende as zonas de dominio público da estrada, salvo nos tramos urbanos, onde a publicidade estará sometida ás ordenanzas municipais, debendo situarse fora das zonas de dominio público e non afectar ni interferir as sinalizacións, iluminación ou balizamento da estrada, sen que esta prohibición poda dar, en ningún caso, dereito a indemnización.

Os planeamentos municipais adaptaranse a esta normativa.

2. Non se considera publicidade ós efectos desta Lei:

Os rótulos informativos das vías.

As indicacións de orden xeral que sexan de interese para o usuario, tales como información sobre talleres, restaurantes, exposicións, feiras, celebracións, etcétera, sempre que non conteñan nomes comerciais.

Os rótulos e marcas comerciais que se dispoñan no edificio ou finca en que se desenvolva a actividade anunciada.

3. En todo caso, para a colocación de calquera clase de letreiro, cartel ou reclamo, fora das zonas urbanas, será preceptiva a autorización do órgano competente da Administración titular da estrada, que atenderá, ademais, do anteriormente expresado a que as condicións de forma, tamaño, situación e iluminación non sexan prexudiciais para a seguridade da circulación, para o que se axustaran ás características que regulamentariamente se determinen.

Artigo 35.

1. A ambos lados das estradas establécese a liña límite de edificación, dende a cal, ata a estrada queda prohibido calquera tipo de obras de construción, reconstrución ou ampliación, salvo as que resulten imprescindibles para a mera conservación e mantemento das construcións existentes, que precisarán autorización do órgano competente da Administración titular da estrada.

A liña límite de edificación sitúase ás distancias que se indican a continuación, medidas horizontalmente a partir da aresta exterior da explanación correspondente ás calzadas previstas e ós seus elementos funcionais e perpendicularmente ó eixe da calzada máis próxima:

- Autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e variantes de poboación: 30 metros.
- Estradas da rede primaria básica non incluídas nas categorías anteriores: 12 metros.
- Estradas da rede primaria complementaria: 9,5 metros.
- Resto das estradas: 7 metros.

2. *Cando nunha estrada de titularidade provincial ou municipal as edificacións sexan continuadas, ou as características do lugar fagan imposible o respecto das distancias sinaladas no parágrafo anterior, a Administración titular da estrada, previo informe favorable da Consellería competente en materia de estradas, poderá reducir excepcionalmente aquelas, sempre que quede garantida unha suficiente ordenación das marxes da estrada e o adecuado control dos seus accesos.*
3. *Con carácter excepcional, nos tramos das estradas que discorran por zonas urbanas, a Consellería competente en materia de estradas poderá establece-la liña límite de edificación a unha distancia distinta á fixada no apartado 1 anterior, conforme ó procedemento que regulamentariamente se estableza.*
4. *Así mesmo, o Consello da Xunta de Galicia, a proposta da Consellería competente en materia de estradas e previo informe das entidades locais afectadas, poderá por razóns xeográficas ou socioeconómicas fixar unha liña límite de edificación a unha distancia inferior á establecida con carácter xeral, de aplicación a determinadas estradas en zonas ou comarcas perfectamente delimitadas.*
5. *Nos lugares onde a liña límite de edificación, definida con arranxo ó disposto no apartado 1 do presente artigo, quedase dentro da zona de servidume, a citada liña farase coincidir co borde exterior de dita zona.*

Exceptúanse os casos previstos nos apartados 2, 3 e 4 do presente artigo.

Artigo 36.

No caso dos corredores, a área de influencia e a liña de edificación fixaranse en función do seu futuro desdoblamento.

Artigo 37.

Dende o límite exterior da zona de dominio público ata a liña límite de edificación, a Administración titular da estrada poderá proceder á expropiación dos bens existentes con arranxo á normativa vixente, entendéndose implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación, sempre que exista previamente un proxecto aprobado de trazado ou de construción, para reparación, ampliación ou conservación da estrada.

Artigo 38.

1. *A Administración titular das estradas pode limita-los accesos ás mesmas e establecer con carácter obrigatorio os lugares en que tales accesos podan construírse.*
2. *Así mesmo queda facultada para reordena-los accesos existentes co obxecto de mellora-la explotación da estrada e a seguridade viaria, para o que poderá expropia-los terreos necesarios.*
3. *Cando os accesos non previstos sexan solicitados polos particulares directamente interesados, o órgano competente da Administración titular da estrada poderá convir con estes o aporte económico procedente, en cada caso, sempre que o acceso sexa de interese público ou exista imposibilidade doutro tipo de acceso.*
4. *As propiedades contiguas non terán acceso directo ás novas estradas e variantes de poboación, conforme ó que se determine nos correspondentes estudos.*

Artigo 39.

1. *Non se autorizarán cerres nas zonas de dominio público nin nas de servidume.*
2. *Por circunstancias especiais de aproveitamento agrícola ou gandeiro, poderán ser autorizados cerramentos diáfanos nas zonas de servidume ou afección das estradas pero non nas de dominio público. Cando por razón de interese público ou por obras de novas vías, desdoblamento da calzada ou ensanche da plataforma da estrada resulte necesario o retranqueo de cerres de fincas, estes poderán levarse a efecto nas mesmas condicións existentes con anterioridade ó proxecto de obra, en canto a súa estrutura e distancia da aresta exterior á plataforma, debendo quedar, en todo caso, fora da zona de dominio público.*

Non terán o dereito de reposición ó que se refire o parágrafo anterior aqueles cerres que foran denunciados por construírense sen a correspondente autorización ou con incumprimento das condicións dela.”

Tendo en conta as estradas existentes no municipio de Culleredo e a súa clasificación, realízase o seguinte cadro resumen:

DESIGNACIÓN	ITINERARIO	TITULARIDADE	CATEGORÍA	LIÑA LÍMITE EDIFICACIÓN (1)	LIÑA DE PECHERÍA (2)	ZONA DE AFECCIÓN (3)
AP-9	A Coruña e Ferrol – Fronteira Portuguesa (Tui)	Nacional	Autopista	30* m	25m dende aresta exterior da explanación	100 m dende aresta exterior da explanación
A-6	Madrid – A Coruña		Autovía	50 m		
AC-14	A-6 - A Coruña		Estrada Convencional R.I.G.E.	25** m	8 m dende aresta exterior da explanación	50 m dende aresta exterior da explanación
N-550	A Coruña - Tui					
AC-523	Meirama - Culleredo	Autonómica	Rede Primaria Básica	12 m	2 m	30 m dende aresta exterior da explanación
AC-211	San Pedro(N-VI) – A Pasaxe (N-VI)		Rede Primaria Complementaria	9,50 m		
AC-400	Sigrás (N-550) - Muros		Rede Secundaria (Resto)	7 m		
AC-213	O Burgo (AC-211) Os Campós (Deput.)					
AC-215	Fonteculler (AC-211) - O Portádego (N-550)					
AC-213	Sigrás (N-550) - Muros					
CP-0510	Confurco - Uxes					
CP-0510R	CP-0510 -Orro					
CP-0511	Ledoño - Arteixo	Provincial	Rede Secundaria (Resto)	7 m	2 m	30 m dende aresta exterior da explanación
CP-1705	Tarrío a Gaiteiro					
CP-1708	Castelo a Andeiro					
CP-2105	Carral a Castelo					
CP-3006	Acceso á Zapateira					
CP-3101	Acceso á estación de Bregua					
CP-3102	Rumbo - Ledoño					
CP-3103	O Burgo – Aeroporto de Alvedro					
CP-3104	Variante Aeroporto de Alvedro					
CP-3106	Acceso á estación de O Burgo					
CP-3107	Acea de Ama - Vilaboa	Provincial	Rede Secundaria (Resto)	7 m	2 m	30 m dende aresta exterior da explanación
CP-3109	Vilaboa a Peiro por Tarrío					
Resto das estradas	-----	Municipal				

(1) A liña límite de edificación medirase horizontalmente a partir da aresta exterior da explanación e perpendicularmente ao eixe da estrada.


- A partir da aresta exterior da calzada cando se trate de Estradas do Estado (art. 25 da Ley 25/1988 de Carreteras).
- *No caso da autopista AP-9, o concello de Culleredo conta cunha resolución por parte do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo, que reduce a franxa libre de edificación estipulada por lei en 50m., a unha distancia de 30m, en todo o seu percorrido no termo municipal. Dita resolución foi aprobada con data de 17 de xuño de 1986.
- **O concello de Culleredo conta cun acta de aliñacións entre os PK 4,800 e 6,200 da N-550, que se corresponden co seu paso polo núcleo de Vilaboa. Esta acta de aliñacións foi aprobada o 29 de maio de 1990.
- **O concello de Culleredo conta cun acta de aliñacións entre os PK 4,800 e 6,200 da N-550, que se corresponden co seu paso polo núcleo de Vilaboa. Esta acta de aliñacións foi aprobada o 29 de maio de 1990. Nesta mesma vía (N-550), entre os puntos PK 8,050 e 9,800 aprobouse una nova calificación do solo coa entrada en vigor da lei 25/1988, que reflexa graficamente as distancias aplicables en cada tramo.
- A partir da aresta exterior da explanación cando se trate de estradas non estatais (art. 35 da Lei de Estradas de Galicia).
- *** As estradas AC-213, AC-211 e AC-212 contan coa aprobación de acta de aliñacións a data de 1 de xuño de 1994

(2) A liña de peche coincide co límite exterior da zona de servidume definida no artigo 32 da Lei de Estradas de Galicia, e no artigo 22 da Ley 25/1988 de Carreteras.


Entenderase por peche aquel realizado con materiais diáfanos ou e calados como mallas ou arame. Os peches construídos con obra de fábrica, formigón ou outro material de tipo macizo consideraranse obra de edificación a efectos de establece-la distancia mínima.

(3) A zona de afección é a definida no artigo 33 da Lei de Estradas de Galicia e no artigo 23 da Ley 25/1988 de Carreteras . É a que se representa nos Planos de Ordenación “Estrutura Xeral e Orgánica” a escala 1/5.000.

SECCIÓN ESQUEMÁTICA EN VÍAS ESTATAIS
Lei e Regulamento Xeral de Estradas



SECCIÓN ESQUEMÁTICA EN VÍAS NON ESTATAIS
Lei de Estradas de Galicia



D) LEXISLACIÓN SOBRE CEMITERIOS

Lexislación aplicable:

- Decreto 134/1998, do 23 de abril, sobre Policía Sanitaria Mortuoria.

Consideraranse como supletorias do presente decreto as disposicións de igual ou menor rango dictadas pola Administración Central do Estado, con excepción do réxime de distancias:

- Decreto 2263/1974, de 20 de xuño que aproba o Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria.

Sobre a Zona de Protección:

No artigo 47 defínese a Zona de Protección:

“En torno ó solo destinado á construción dun novo cemiterio establecerase como zona de protección, unha franxa de 50 metros de anchura totalmente libre de todo tipo de construción, medida a partir do cerre exterior do cemiterio”.

Non se considera aplicable esta regra ás ampliacións de cemiterios existentes, tal e como se manifesta no artigo 54 que se transcribe a continuación:

“Para a aprobación dun proxecto de ampliación dun cemiterio existente teranse que observar os mesmos trámites e condicións que para os de nova construción, excepto no referente á distancia prescrita no artigo 47 para aqueles cemiterios autorizados antes da entrada en vigor do presente decreto, da que quedan eximidos, así como do establecido no punto d) do artigo 51. Respecto dos exceptuados emitirá informe preceptivamente a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.”

E) LEXISLACIÓN E PROTECCIÓN DAS LIÑAS AÉREAS DE ALTA TENSIÓN

Lexislación aplicable:

- Ley 54/1997 de 27 de novembro, del Sector Eléctrico (BOE de 28 de novembro)
- Real Decreto 223/2008 de 15 de febreiro que aproba o regulamento sobre as condicións técnicas e garantías de seguraza en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09
- Real Decreto 1955/2000 de 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, en canto ó que se refire ás limitacións para a constitución de servidumes de paso.
- Real Decreto 842/2002 de 2 de agosto, Reglamento Electrotécnico de Baja Tensión. Instrucciones Técnicas complementarias (ITC) BT01 a BT51
- Decreto 275/2001, de 4 de outubro, por el que se establecen determinadas Condiciones Técnicas Específicas de Diseño y Mantenimiento a las que deberán someter las instalaciones eléctricas de distribución. (DOG de 25 de outubro)

Complementariamente terase en conta:

- Lei 3/2007, do 9 de Abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

As construcións, instalacións e plantacións de arborado, etc., que se sitúen nas proximidades das liñas eléctricas de alta tensión, estarán suxeitas ás servidumes a que se refire o *Real Decreto 223/2008 de 15 de febreiro que aproba o regulamento sobre as condicións técnicas e garantías de seguraza en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09*, e ó *Real Decreto 1955/2000 de 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica*, en canto ó que se refire ás limitacións para a constitución de servidumes de paso.

Así mesmo terase en conta o contido da Lei 3/2007, do 9 de Abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Art 3 (RD 223/2008) Tensións nominais, categoría das liñas.

As liñas eléctricas recollidas neste regulamento clasificaranse, atendendo á súa tensión nominal, nas categorías seguintes:

- a) Categoría especial: A de tensión nominal igual ou superior a 220Kv, e as de tensión inferior que formen parte da rede de transporte conforme ó establecido no artigo 5 do Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.*
- b) Primeira Categoría: As de tensión nominal inferior a 220Kv e superior a 66Kv.*
- c) Segunda Categoría: As de tensión nominal igual ou inferior a 66Kv e superior a 30 Kv.*
- d) Terceira categoría: As de tensión nominal igual ou inferior a 30 Kv e superior a 1Kv.*

Se na liña existen circuitos ou elementos nos que se utilicen distintas tensións, o conxunto da liña considerarase, a efectos administrativos, ó valor da maior tensión nominal.

Cando no proxecto dunha nova liña se considere necesaria a adopción dunha tensión nominal superior a 400Kv, a Administración competente establecerá a tensión que deba autorizarse.

ITC-LAT 07 (Liñas aéreas con condutores espidos)

Art.5 Distancias mínimas de seguridade. Cruzamentos e paralelismos

Art.5.1 Introducción:

Nas liñas aéreas é necesario distinguir entre distancias internas e externas.

As distancias internas son dadas unicamente para deseñar unha liña cunha aceptable capacidade de resistir sobretensións.

As distancias externas son utilizadas para determinalas distancias de seguridade entre os condutores en tensión, e os obxectos embaixo ou nas proximidades da liña.

(...)

Cando non se especifique que a distancia é “horizontal” ou “vertical”, será tomada a menor distancia entre as partes con tensión e o obxecto considerado, tendo en conta no caso de carga con vento a desviación dos condutores e da cadea de illadores.

Art.5.2 Distancias de illamento eléctrico para evitar descargas.

(...)

Aplicaranse a s seguintes consideracións para determinalas distancias internas e externas:

- a) A distancia eléctrica D_{el} , prevén descargas eléctricas entre as partes en tensión e obxectos a potencial de terra, en condicións de explotación normal da rede. Nas condicións normais inclúen operacións de enganche, aparición de lóstregos e sobretensións resultantes de faltas na rede.*
- b) A distancia eléctrica D_{pp} prevén as descargas eléctricas entre fases durante as manobras e sobretensións de lóstregos.*
- c) Cómpre engadir a distancia externa D_{el} , unha distancia de illamento adicional, D_{add} para que nas distancias mínimas de seguridade ó chan, a liñas eléctricas, a zonas de arborado, etc. Se asegure que as persoas ou obxectos non se aproximen a unha distancia menor que D_{el} da liña eléctrica.*
- d) A probabilidade de descarga a través da mínima distancia interna, asom debe ser sempre maior que a descarga a través dun obxecto externo ou persoa. Así, para cadeas de illadores moi longas, o risco de descarga debe ser maior sobre a distancia interna asom que a obxectos externos ou persoas. Por este motivo, as distancias externas mínimas de seguridade ($D_{el} + D_{add}$) deben ser sempre superiores a 1,1 veces asom.*

Os valores de D_{el} e D_{pp} en función da tensión máis elevada da liña U_s , serán os indicados na táboa que se xunta na marxe.

Art.5.12 Paso por zonas

En xeral, para as liñas eléctricas aéreas con condutores espidos defínese a zona de servidume de voo como a franxa de terreo definida pola proxección sobre o solo dos condutores extremos, considerando estes e as súas cadeas de illadores nas condicións máis desfavorables, sen contemplar distancia algunha adicional.

As condicións máis desfavorables son consideralos condutores e as súas cadeas de illadores na súa posición de máxima desviación, é dicir, sometidos á acción do seu peso propio e a unha sobrecarga de vento, segundo o apartado 3.1.2, para unha velocidade de vento de 120 Km/h a temperatura de +15°C.

As liñas aéreas deberán cumprilo Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro, en todo o referente ás limitacións para a constitución de servidume de paso.

Tabla 15. Distancias de aislamiento eléctrico para evitar descargas

Tensión más elevada de la red U_s (kV)	D_{el} (m)	D_{pp} (m)
3,6	0,08	0,10
7,2	0,09	0,10
12	0,12	0,15
17,5	0,16	0,20
24	0,22	0,25
30	0,27	0,33
36	0,35	0,40
52	0,60	0,70
72,5	0,70	0,80
123	1,00	1,15
145	1,20	1,40
170	1,30	1,50
245	1,70	2,00
420	2,80	3,20

Art 5.12.1 Montes, árbores e masas de arborado.

(...)

Para evitar interrupcións do servizo e os posibles incendios producidos polo contacto de ramas ou troncos de árbores cos condutores dunha liña eléctrica aérea, deberá establecerse, mediante a indemnización correspondente, unha zona de protección da liña, definida pola zona de servidume de voo, incrementada pola seguinte distancia de seguridade a ambos lados de dita proxección:

$$Dadd + Del = 1,5 + Del \text{ en metros, cun mínimo de 2 metros.}$$

O responsable da explotación da liña, estará obrigado a garantir que a distancia de seguridade entre os condutores da liña e a masa de arborado dentro da zona de servidume de paso, satisfai as prescricións deste regulamento, estando obrigado o dono dos terreos a permitila realización de tales actividades. Así mesmo, comunicará ó órgano competente da administración as masas de arborado excluídas da zona de servidume de paso, que puideran comprometer as distancias de seguridade establecidas neste regulamento. Deberá vixiar tamén que a rúa por onde discorre a liña se manteña libre de todo residuo procedente da súa limpeza, ó obxecto de evitala propagación de incendios forestais.

- *No caso de condutores que sobrevoen os árbores, a distancia de seguridade calcularase considerando os condutores coa súa máxima frecha vertical segundo as hipóteses do apartado 3.2.3*
- *Para o cálculo das distancias de seguridade entre o arborado e os condutores extremos da liña, consideraranse estes e as súas cadeas de illamento nas súas condicións máis desfavorables descritas neste apartado.*

Igualmente deberán ser cortados todos aqueles árbores que constitúen perigo para a conservación da liña, entendéndose como tales os que, por inclinación ou caída fortuíta ou provocada poidan alcanzar os condutores na súa posición normal, na hipótese de temperatura b) do apartado 3.2.3. Esta circunstancia será función do tipo e estado da árbore, inclinación e estado do terreo, e situación do árbore respecto á liña.

Os titulares das redes de distribución e transporte de enerxía eléctrica deben manter os marxes por onde discorren as liñas limpos de vexetación, ó obxecto de evitala xeración de incendios forestais. Así mesmo, queda prohibida a plantación de árbores que poidan medrar ata chegar a comprometer as distancias de seguridade regulamentarias.

Art.5.12.2 Edificios, construcións e zonas urbanas.

(...)

Conforme ó establecido no Real Decreto 1955/2000 de 1 de decembro, non se construírán edificios e instalacións industriais na servidume de voo, incrementada pola seguinte distancia mínima de seguridade a ambos lados:

$$Dadd + Del = 3,3 + Del \text{ en metros, cun mínimo de 5 metros.}$$

Do mesmo xeito, non se construírán liñas por riba dos edificios e instalacións industriais na franxa descrita anteriormente.

Non obstante, nos casos de mutuo acordo entre as partes, as distancias mínimas que deberán existir nas condicións máis desfavorables, entre os condutores e os edificios de embaixo:

- *sobre puntos accesibles a persoas: 5,5 + Del, cun mínimo de 6 metros*
- *sobre puntos non accesibles a persoas: 3,3 + Del en metros, cun mínimo de 4 metros*

Procurarase así mesmo, nas condicións máis desfavorables, manter as anteriores distancias, en proxección horizontal, entre os condutores da liña e os edificios e construcións inmediatas.

ITC-LAT 08 (Liñas aéreas con cables unipolares illados reunidos ou con condutores recubertos)

Art.1.1 Campo de aplicación

As disposicións contidas na presente instrución refírense ás prescricións técnicas que deberán cumprir as liñas eléctricas de alta tensión con cables unipolares illados reunidos, ou con condutores recubertos, entendéndose como tales os de corrente trifásica de 50Hz, cuxa tensión nominal eficaz entre fases sexa superior a 1Kv, cunha tensión nominal máxima da rede de 30 Kv.(...)

As liñas aéreas de alta tensión con condutores recubertos empregaranse preferentemente como alternativa ás liñas aéreas con condutores espidos cando estes discorran por zonas de arborado, zonas con fortes ventos ou zonas de protección especial da avifauna.

As liñas aéreas de alta tensión con cables unipolares illados reunidos, poderán empregarse en lugar de liñas aéreas con condutores espidos, cando non sexa posible tecnicamente ou resulte economicamente desproporcionado a construción de liñas soterradas con cables illadas, ou ben naqueles casos que, por condicionantes locais ou circunstancias particulares, se demostre o interese do seu uso (...)

Art.6.13 Paso por zonas

6.13.1 Montes, árbores e masas de arborado.

Para os cables unipolares illados reunidos, non se precisará ningunha prescrición especial salvo a que poida afectar á propia integridade do cable.

Para os condutores recubertos(...), deberá establecerse mediante indemnización correspondente, unha zona de corte de arborado, a ambos lados da liña, manténdose como mínimo unha distancia dende calquera condutor en reposo, á masa de arborado, de 2 metros para liñas de tensión nominal de 30Kv, e de 1,5 metros para liñas de tensión nominal menor ou igual a 20Kv.

Igualmente, deberán ser cortados todos aqueles árbores que constitúen perigo para a conservación da liña, entendéndose como tales os que, por inclinación ou caída fortuíta ou provocada, poidan acadar os condutores na súa posición normal, na hipótese de temperatura b) do apartado 3.2.3. da ITC-LAT 07

O responsable da explotación da liña estará obrigado a garantir que a distancia de seguridade entre os condutores da liña e a masa de arborado dentro da zona de servidume de paso satisfai as distancias anteriores, estando obrigado o dono dos terreos, a permitila realización de tales actividades. Así mesmo, comunicará ó órgano competente da administración as masas de arborado excluídas da zona de servidume de paso que puideran comprometer as distancias de seguridade establecidas neste regulamento.

Conforme ó establecido no RD 1955/2000, de 1 de decembro, que limitada a plantación de árbores na franxa definida pola servidume de voo, incrementada coas distancias mínimas de seguridade a ambos lados da proxección.

Art.6.13.2. Edificios, construcións e zonas urbanas

Para os condutores recubertos, aplicarase, a este respecto, o especificado no apartado 5.12.2 da ITC-LAT 07

En canto ás redes eléctricas, terase en conta tamén, o disposto no artigo 21, apartado 1, parágrafo f), da Lei 3/2007, do 9 de Abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que se transcribe a continuación:

Art21.1.f Nas liñas de transporte e de distribución de enerxía eléctrica, respectaranse as especificacións da regulamentación electrotécnica sobre a distancia mínima entre os condutores, as árbores e outra vexetación. Asemade, nunha faixa de 5 metros dende a estremeira da infraestrutura non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei.

Disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de Abril:

1-Detérmanse as seguintes especies para os efectos da xestión da biomasa vexetal e da ordenación das repoboacións forestais, nos termos establecidos nesta lei: piñeiro galego, piñeiro do país, piñeiro silvestre, piñeiro de Monterrey, piñeiro de Oregón, mimosa, acacia negra, eucalipto, queiruga, carqueixa, xesta, uz, carpaza, piorno, fento, silva, toxo.

2-En todo caso, poderán conservarse árbores das especies sinaladas (...) no caso de tratarse de árbores senlleiras, ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas e non supoñan risco para a propagación de incendios forestais.

F) LIMITACIONES Á PROPIEDAD EN TERREOS AFECTADOS POR INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS

Legislación aplicable:

- Ley 39/2003, de 17 de novembro, do sector ferroviario
- *Reglamento del Sector Ferroviario*, aprobado no Real Decreto 2387/2004 de 30 de decembro.
- Orde FOM/2230/2005 de 6 de xullo, pola que se reduce a liña límite de edificación nos tramos das liñas da rede ferroviaria de interese xeral que discorran por zonas urbanas.

Transcríbese a continuación o contido do capítulo III da citada Lei:

CAPÍTULO LIMITACIONES A LA PROPIEDAD.

III 182

12. Zona de dominio público, zona de protección y límite de edificación.

A los efectos de esta Ley, se establecen en las líneas ferroviarias que formen parte de la Red Ferroviaria de Interés General, una zona de dominio público, otra de protección y un límite de edificación. Tanto las referidas zonas como el límite de edificación se regirán por lo establecido en esta Ley y en sus disposiciones de desarrollo.

Los órganos de la Administración del Estado, en el ejercicio de las facultades que les correspondan en relación con las zonas de dominio público y de protección y con el límite de edificación, se coordinarán con los demás órganos de la misma o de otras Administraciones públicas a los que, legalmente, se les confieran competencias en relación con terrenos que merezcan una especial salvaguarda.

13. Zona de dominio público.

- 1. Comprenden la zona de dominio público los terrenos ocupados por las líneas ferroviarias que formen parte de la Red Ferroviaria de Interés General y una franja de terreno de ocho metros a cada lado de la plataforma, medida en horizontal y perpendicularmente al eje de la misma, desde la arista exterior de la explanación.*
- 2. La arista exterior de la explanación es la intersección del talud del desmonte, del terraplén o, en su caso, de los muros de sostenimiento colindantes con el terreno natural.*
- 3. En los casos especiales de puentes, viaductos, estructuras u obras similares, se podrán fijar como aristas exteriores de la explanación las líneas de proyección vertical del borde de las obras sobre el terreno, siendo, en todo caso, de dominio público el terreno comprendido entre las referidas líneas.*
- 4. En los túneles, la determinación de la zona de dominio público se extenderá a la superficie de los terrenos necesarios para asegurar la conservación y el mantenimiento de la obra, de acuerdo con las características geotécnicas del terreno, su altura sobre aquéllos y la disposición de sus elementos, tomando en cuenta circunstancias tales como su ventilación y sus accesos.*

14. Zona de protección.

La zona de protección de las líneas ferroviarias consiste en una franja de terreno a cada lado de las mismas delimitada, interiormente, por la zona de dominio público definida en el artículo anterior y, exteriormente, por dos líneas paralelas situadas a 70 metros de las aristas exteriores de la explanación.

15. Normas especiales.

1. *Para ejecutar, en las zonas de dominio público y de protección de la infraestructura ferroviaria, cualquier tipo de obras o instalaciones fijas o provisionales, cambiar el destino de las mismas o el tipo de actividad que se puede realizar en ellas y plantar o talar árboles se requerirá la previa autorización del administrador de infraestructuras ferroviarias. Lo dispuesto en este apartado se entiende sin perjuicio de las competencias de otras Administraciones públicas.*

Cualesquiera obras que se lleven a cabo en la zona de dominio público y en la zona de protección y que tengan por finalidad salvaguardar paisajes o construcciones o limitar el ruido que provoca el tránsito por las líneas ferroviarias, serán costeadas por los promotores de las mismas.

No obstante lo anterior, sólo podrán realizarse obras o instalaciones en la zona de dominio público, previa autorización del administrador de infraestructuras ferroviarias, cuando sean necesarias para la prestación del servicio ferroviario o bien cuando la prestación de un servicio de interés general así lo requiera. Excepcionalmente y por causas debidamente justificadas, podrá autorizarse el cruce de la zona de dominio público, tanto aéreo como subterráneo, por obras e instalaciones de interés privado.

En los supuestos de ocupación de la zona de dominio público ferroviario, el que la realizare estará obligado a la limpieza y recogida del material situado en los terrenos ocupados hasta el límite de la citada zona de dominio público, previo requerimiento de la Administración pública o del administrador de infraestructuras ferroviarias titular de la línea.

Si no se atendiere el requerimiento dentro del plazo conferido, actuará de forma subsidiaria la citada Administración pública o el administrador de infraestructuras ferroviarias titular de la línea, mediante la realización de las necesarias labores de limpieza y recogida del material, quedando el ocupante de los terrenos obligado a resarcir los gastos en los que se hubiere incurrido por dicha actuación.

2. *En la zona de protección no podrán realizarse obras ni se permitirán más usos que aquellos que sean compatibles con la seguridad del tráfico ferroviario previa autorización, en cualquier caso, del administrador de infraestructuras ferroviarias. Éste podrá utilizar o autorizar la utilización de la zona de protección por razones de interés general o cuando lo requiera el mejor servicio de la línea ferroviaria.*

Serán indemnizables la ocupación de la zona de protección y los daños y perjuicios que se causen por su utilización, con arreglo a lo establecido en la Ley de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa.

La denegación de la autorización deberá fundarse en las previsiones de los planes o proyectos de ampliación o variación de la línea ferroviaria en los diez años posteriores al acuerdo.

3. *Podrán realizarse cultivos agrícolas en la zona de protección, sin necesidad de autorización previa, siempre que se garantice la correcta evacuación de las aguas de riego y no se causen perjuicios a la explanación, quedando prohibida la quema de rastrojos.*
4. *En las construcciones e instalaciones ya existentes podrán realizarse, exclusivamente, obras de reparación y mejora, siempre que no supongan aumento de volumen de la construcción y sin que el incremento de valor que aquéllas comporten puedan ser tenidas en cuenta a efectos expropiatorios. En todo caso, tales obras requerirán la previa autorización del administrador de infraestructuras ferroviarias, sin perjuicio de los demás permisos o autorizaciones que pudieran resultar necesarios en función de la normativa aplicable.*
5. *Reglamentariamente, podrá determinarse una distancia inferior a la establecida en los artículos precedentes para delimitar la zona de dominio público y la de protección, en función de las características técnicas de la línea ferroviaria de que se trate y de las características del suelo por el que discurra dicha línea.*
6. *En suelo clasificado como urbano consolidado por el correspondiente planeamiento urbanístico, las distancias establecidas en los artículos anteriores para la protección de la infraestructura ferroviaria serán de cinco metros para la zona de dominio público y de ocho metros para la de protección, contados en todos los casos desde las aristas exteriores de la explanación. Dichas distancias podrán ser reducidas por el Ministerio de Fomento, siempre que se acredite la necesidad de la reducción y no se ocasione perjuicio a la regularidad, conservación y el libre tránsito del ferrocarril sin que, en ningún caso, la correspondiente a la zona de dominio público pueda ser inferior a dos metros.*

16. Límite de edificación.

1. A ambos lados de las líneas ferroviarias que formen parte de la Red Ferroviaria de Interés General se establece la línea límite de edificación, desde la cual hasta la línea ferroviaria queda prohibido cualquier tipo de obra de construcción, reconstrucción o ampliación, a excepción de las que resultaren imprescindibles para la conservación y mantenimiento de las edificaciones existentes en el momento de la entrada en vigor de esta Ley. Igualmente, queda prohibido el establecimiento de nuevas líneas eléctricas de alta tensión dentro de la superficie afectada por la línea límite de edificación.

2. La línea límite de edificación se sitúa a 50 metros de la arista exterior más próxima de la plataforma, medidos horizontalmente a partir de la mencionada arista.

Reglamentariamente, podrá determinarse una distancia inferior a la prevista en el párrafo anterior para la línea límite de edificación, en función de las características de las líneas.

3. Asimismo, el Ministerio de Fomento, previo informe de las comunidades autónomas y entidades locales afectadas, podrá, por razones geográficas o socioeconómicas, fijar una línea límite de edificación diferente a la establecida con carácter general, aplicable a determinadas líneas ferroviarias que formen parte de la Red Ferroviaria de Interés General, en zonas o áreas delimitadas.

4. Con carácter general, en las líneas ferroviarias que formen parte de la Red Ferroviaria de Interés General que discurran por zonas urbanas, el Ministerio de Fomento podrá establecer la línea límite de edificación a una distancia inferior a la fijada en el apartado 2, siempre que lo permita el planeamiento urbanístico correspondiente.

17. Expropiación de bienes existentes en la zona de protección hasta la línea límite de edificación.

En la zona de protección hasta la línea límite de edificación, el administrador de infraestructuras ferroviarias podrá solicitar al Ministerio de Fomento la expropiación de bienes que pasarán a tener la consideración de dominio público, entendiéndose implícita la declaración de utilidad pública y la necesidad de su ocupación, siempre que se justifique su interés para la idónea prestación de los servicios ferroviarios y para la seguridad de la circulación.

18. Obras y actividades ilegales en zonas de dominio público o de protección de la infraestructura ferroviaria.

1. Los Delegados de Gobierno, a instancia del Ministerio de Fomento o del administrador de infraestructuras ferroviarias, dispondrán la paralización de las obras o instalaciones y la suspensión de usos prohibidos, no autorizados o que no se ajusten a las condiciones establecidas en las autorizaciones. Asimismo, se podrá proceder al precinto de las obras o instalaciones afectadas.

2. El Delegado del Gobierno interesará del Ministerio de Fomento o del administrador de infraestructuras ferroviarias, que proceda a efectuar la adecuada comprobación de las obras paralizadas y los usos suspendidos, debiendo adoptar, en el plazo de dos meses desde que se produzca la instancia y previa audiencia de quienes puedan resultar directamente afectados, una de las resoluciones siguientes:

La demolición de las obras o instalaciones y la prohibición definitiva de los usos prohibidos, no autorizados o que no se ajusten a las autorizaciones otorgadas.

La iniciación del oportuno expediente para la eventual regularización de las obras o instalaciones o autorización de los usos permitidos.

3. La adopción de los oportunos acuerdos se hará sin perjuicio de las sanciones y de las responsabilidades de todo orden que resulten procedentes.

Mediante a orde ministerial FOM/2230/2005 de 6 de xullo, publicada no BOE nº165 de martes, 12 de xullo, resólvese:

- 1. En los tramos de las líneas de la red ferroviaria de interés general que discurren por zonas urbanas, y siempre que lo permita el planeamiento urbanístico correspondiente, queda establecida la línea límite de edificación a una distancia de veinte metros de la arista exterior más próxima de la plataforma.*
- 2. Sin perjuicio de lo anterior, será posible asimismo reducir la distancia señalada en el apartado precedente en casos singulares siempre y cuando la reducción que se pretenda redunde en una mejora de la ordenación urbanística y no cause perjuicio a la explotación ferroviaria, previa solicitud del interesado y tramitación del correspondiente expediente administrativo, que deberá en todo caso ser informado favorablemente por el administrador de la infraestructura ferroviaria correspondiente.*

O concello de Culleredo conta con 2 liñas ferroviarias: A Coruña-Ferrol, e A Coruña-Santiago (cuxo trazado foi correxido a fin de adecualo á alta velocidade, isto supuxo a desmantelación da vía antiga, que aínda así, mantén as súa afeccións).

G) PROTECCIÓN DO OLEODUTO

Normativa aplicable:

- LEY 34/1998, de 7 de octubre, del sector de hidrocarburos.

Artículo 107. Servidumbres y autorizaciones de paso (ley 34/1998)

- 1. Las servidumbres y autorizaciones de paso que conforme a lo dispuesto en el presente capítulo se establezcan gravarán los bienes ajenos en la forma y con el alcance que se determinan en la presente Ley y se regirán por lo dispuesto en la misma, en sus disposiciones de desarrollo y en la normativa a que se refiere el artículo anterior.*
- 2. Las servidumbres y autorizaciones de paso comprenderán, cuando proceda, la ocupación del subsuelo por instalaciones y canalizaciones a la profundidad y con las demás características que señalen Reglamentos y Ordenanzas municipales.*
- 3. Las servidumbres y autorizaciones comprenderán igualmente el derecho de paso y acceso, y la ocupación temporal del terreno u otros bienes necesarios para atender a la vigilancia, conservación y reparación de las instalaciones y conducciones.*
- 4. Las condiciones y limitaciones que deberán imponerse en cada caso por razones de seguridad se aplicarán con arreglo a los Reglamentos y normas técnicas que a los efectos se dicten.*

As servidumes e afeccións que se extraen da antedita lei, concrépanse no proxecto da infraestrutura, de forma que os terreos polos que discorre o trazado do oleoduto entre A Coruña e Vigo, están sometidos ás limitacións e servidumes expresadas nos apartados seguintes:

Zona - 1

Definida por unha banda ou franxa de terreo de 2,00 metros de ancho medidos ó eixe do oleoduto e a ambos lados do mesmo. Nesta zona establécese unha servidume permanente. Prohíbese realizar traballos de arada, cava ou outros análogos a unha profundidade superior a 0,70 metros, plantar árbores ou arbustos así como calquera tipo de construción xa sexa temporal ou permanente, sen permiso do organismo competente da administración.

Zona - 2

Comprende as franxas de terreo a ambos lados da instalación que limitan interiormente pola Zona - 1 e se estenden a unha distancia de 5,00 metros medidos perpendicularmente ó eixe do oleoduto. Defínese esta zona para os terreos clasificados polo presente Plan Xeral como Solo Rústico e Urbanizable ou no seu caso para os que determine a administración competente.

Prohíbese plantar árbores ou arbustos así como edificar calquera tipo de construción, xa sexa temporal ou permanente, sen permiso do organismo competente da administración.

Zona - 3

Constituída por dúas franxas a cada lado da instalación, limitadas interiormente pola Zona - 1 ou ben pola Zona - 2 en caso de existir, e que se estenden exteriormente ata unha distancia de :

- 10,00 metros, medidos perpendicularmente ó eixe do oleoduto, para os terreos clasificados como Solo Rústico ou Urbanizable.
- 4,00 metros, medidos perpendicularmente ó eixe do oleoduto, para os terreos clasificados como Solo Urbano ou de Núcleo Rural.

Nesta zona prohíbese realizar construcións de calquera tipo, xa sexa temporal ou permanente, sen permiso do organismo competente da administración.

Normativa aplicable:

- LEY 34/1998, de 7 de octubre, del sector de hidrocarburos.

Artículo 107. Servidumbres y autorizaciones de paso (ley 34/1998)

- 1. Las servidumbres y autorizaciones de paso que conforme a lo dispuesto en el presente capítulo se establezcan gravarán los bienes ajenos en la forma y con el alcance que se determinan en la presente Ley y se regirán por lo dispuesto en la misma, en sus disposiciones de desarrollo y en la normativa a que se refiere el artículo anterior.*
- 2. Las servidumbres y autorizaciones de paso comprenderán, cuando proceda, la ocupación del subsuelo por instalaciones y canalizaciones a la profundidad y con las demás características que señalen Reglamentos y Ordenanzas municipales.*
- 3. Las servidumbres y autorizaciones comprenderán igualmente el derecho de paso y acceso, y la ocupación temporal del terreno u otros bienes necesarios para atender a la vigilancia, conservación y reparación de las instalaciones y conducciones.*
- 4. Las condiciones y limitaciones que deberán imponerse en cada caso por razones de seguridad se aplicarán con arreglo a los Reglamentos y normas técnicas que a los efectos se dicten.*

O Concello de Culleredo vese afectado polo paso do gasoduto denominado Mugaros – Betanzos - Abegondo – Sabón, do que é titular a empresa “Regasificadora del Noroeste S.A.”, o proxecto de dito gasoduto ven aprobado pola resolución 25834/06 de 24 de Abril de 2006, da Dirección General de Política Energética y Minas.

Con anterioridade, publicárase o anuncio 7343/05 no Boe nº48 de venres 25 de febreiro de 2005, no que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental. Neste anuncio concréntanse os bens e dereitos afectados, establecendo as seguintes afeccións:

A. Expropiación del pleno dominio de los terrenos sobre los que se han de construir las instalaciones fijas en superficie.

B. Para las canalizaciones de gas y del cable de comunicaciones del gasoduto:

- 1. Imposición de servidumbre permanente de paso de gas a lo largo del trazado de la conducción, con una anchura de 4 metros, 2 a cada lado del eje, por donde discurrirá enterrada, a 1 m, la tubería para la conducción de gas. Esta servidumbre que se establece está sujeta a las siguientes delimitaciones de dominio:*
 - i. Prohibición de efectuar trabajos de arada o similares a una profundidad superior a 50 cm, así como de plantar árboles o arbustos a una distancia inferior a dos metros, a contar desde el eje de la tubería.*
